



MEMORIA DE ACTIVIDADES

Instituto da Lingua Galega
2005

Edita
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Teléfonos
981 56 52 83
981 56 31 00 ext. 12810/12802

Correo electrónico
ilgsec@usc.es

Maquetación
María Vilasó Martínez

Universidade de Santiago de Compostela, xaneiro 2006

Limiar

O INSTITUTO DA LINGUA GALEGA É UN CENTRO UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA CREADO EN 1971 POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CO NORTE DE PROMOVER O CULTIVO E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E DE PROGRESAR NA SÚA INVESTIGACIÓN SINCRÓNICA E DIACRÓNICA.

Ao cabo de máis de tres décadas o obxectivo fundamental do ILG segue sendo o desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo da lingua galega, tanto na súa realidade sincrónica coma na diacrónica. Ademais, o ILG mantén un conxunto de accións que procuran afondar no coñecemento, difusión e normalización da lingua galega, tanto no ámbito estatal como internacional. Entre estas accións cómpre destacar:

a) A realización de actividades docentes e formadoras por medio de programas de doutoramento, cursos de posgrao, cursos de formación continua e cursos de especialización.

b) A formación de especialistas en lingua galega, e a instrución, especialización e reciclaxe de profesionais integrados no campo da lingüística galega, especialmente do ensino non universitario.

c) O asesoramento técnico a institucións e persoas relacionadas coa normalización da lingua galega.

d) O asesoramento en materia de docencia e investigación a entidades galegas e tamén a institucións do Estado español, países en desenvolvemento e organismos internacionais que o demanden.

mento e organismos internacionais que o demanden.

e) A promoción e colaboración na organización de congresos, reunións científicas, seminarios, debates, xornadas e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.

f) O establecemento e coordinación de relacións de intercambio de información técnica e especializada con institucións doutras autonomías e países.

g) A difusión de información considerada de interese no campo do idioma galego, de xeito especial a difusión dos resultados de investigación lingüística no ámbito universitario e investigador.

Liñas de actuación I+D

Os proxectos que se desenvolven no seo do ILG atanguen a todos os ámbitos da investigación lingüística e filolóxica. As principais liñas de actuación I+D que se promoven son:

a) A recolleita e a representación cartográfica do galego oral (fonética, morfolóxica, sintáctica e léxica).

b) O inventario e descrición das distintas variedades diacrónicas do galego.

c) A descrición gramatical e léxica do galego medieval e moderno.

d) A elaboración de material didáctico para o ensino da lingua galega.

e) A edición de textos, sobre todo do galego medieval e medio.

f) A análise acústica do galego oral.

g) A creación dun tesouro lexicográfico do galego.

h) A elaboración dun dicionario xeral do galego, con entradas de textos escritos desde o século XVIII á actualidade e de textos orais.

i) O inventario e estudo da onomástica antiga e moderna.

De acordo cos seus principios fundacionais, o ILG mantén relacións de colaboración continuada con distintos organismos e entidades, galegas e foráneas: Centre de Dialectologie de Grenoble, Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, Centro de Supercomputación de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, Consello da Cultura Galega, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Galicien-Zentrum da Universidade de Trier, Real Academia Galega, etc.



Presentación da directora

No Nadal de 2004 asumimos a dirección do Instituto da Lingua Galega, confirmada no nomeamento reitoral de 25 de xaneiro de 2005, e iniciamos así unha nova etapa que concibimos como renovadora, malia ser continuísta, da anterior. O proxecto que presentamos diante do Consello Científico e a tarefa que asumimos por encargo deste non foi de ruptura, senón de aproveitamento do moito e bo que durante anos fora configurando o ILG como un lugar de encontro dunha activa comunidade científica, co seu núcleo principal nos investigadores en lingüística e filoloxía galegas da USC e con importantes conexións con outros investigadores galegos —das Universidades da Coruña e Vigo ou de fóra da comunidade universitaria— e con investigadores de centros e universidades españolas e estranxeiras; asemade, somos conscientes da proxección social que ten o ILG, froito dun intenso diálogo con amplos sectores sociais, sobre todo na época de elaboración e difusión do estándar vixente, nas que o ILG tivo un protagonismo recoñecido.

Así e todo, a posición do Consello Científico do ILG, como a da antiga e nova direccións, non é de autocompracencia. En maio de 2004 presentamos diante do Vicerreitorado de Calidade e Planificación Estratéxica un informe de autoavaliación, agora en mans do Vicerreitorado de Investigación. Non encaramos aquel proceso de avaliación de forma rutineira nin como unha obriga burocrática máis que houbese que cumprir, senón como un proceso construtivo de reflexión conxunta, que moitos de nós viñamos botando en falta desde había tempo e no que confiábamos para lle dar un novo pulo ao centro. Non obtivemos aínda resposta da Vicerreitoría a propósito desa avaliación, e en consecuencia non cumpriu o obxectivo para o que fora proposta polos seus inspiradores; ora ben, dado que foi unha autoavaliación honesta diante de nós mesmos, serve ao obxectivo interno de mellora do funcionamento do instituto e de guía parcial da nova dirección.

Así, retomando os eixes e obxectivos renovadores marcados no plano estratéxico, as accións neste primeiro ano foron as seguintes:

a) Expansión do ILG. Traballamos no asinamento de convenios con outras entidades, nalgún caso como plasmación de accións que xa viñan tendo lugar por acordo verbal entre as partes. As entidades coas que asinamos ou estamos en proceso de asinar novos convenios son as seguintes: Universidades da Coruña e Vigo, Consello da Cultura Galega, Museo do Mar, Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e a Real Academia

Galega. Estamos estudando tamén unha acción conxunta co Museo do Pobo Galego, que se poría en marcha por medio do correspondente convenio.

b) Imaxe corporativa. Traballamos no incremento das publicacións —consignadas no corpo da memoria— e na diversificación das súas vías, así como no exercicio da dobre función de sermos incitadores e canle da investigación lingüística no noso ámbito. Para iso, seguimos contando coas vías existentes previamente (a Biblioteca Filolóxica Galega e outras accións financiadas pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, a revista Verba, coleccións do Servizo de Publicacións da USC, etc.), acordamos coa Real Academia Galega abrir unha nova etapa da revista Cadernos de Lingua e anexos, como publicación conxunta das dúas institucións, e asinamos co Consello da Cultura Galega o convenio que garante a continuidade da “Serie Lingüística” dentro da Colección Base, para as monografías que derivan dos simposios anuais do ILG. A solución de renovación dos Cadernos foi adoptada polo Consello Científico tras desestimar as opcións dunha «colección filolóxica propia preferentemente nunha editorial universitaria» prevista no plano estratéxico. Ademais disto, os membros do ILG temos presenza en múltiples foros científicos nacionais e internacionais de distinta importancia e en publicacións persoais e colectivas; neles queda patente a súa pertenza á USC e ao ILG en particular.

c) Difusión por internet. Comezamos a renovación na nosa páxina web, unha iniciativa pioneira abandonada había xa moitos anos. Neste momento está activa, ofrece información non obsoleta e serve de canle de comunicación para novidades; ademais dá acceso ás nosas bases de datos en liña. É a nosa intención convertela nunha páxina de referencia, na que todas as persoas interesadas pola lingua galega atopen un lugar de interese que satisfaga as súas demandas e expectativas, en particular os ensinantes, traballadores da administración e profesionais dos medios. Quixeramos poder ofrecer en liña máis resultados de investigación ca os ofrecidos actualmente, en forma de bases, mapas, artigos e libros, vocabularios, bibliografías, etc. En definitiva, demos algúns pasos e temos elaborado un plan ambicioso, pero este require un financiamento externo que teremos que conseguir.

d) Planificación dos proxectos. Actuamos en primeiro lugar na circulación de información interna das actividades realizadas por persoas e grupos, elaborando un organigrama coas liñas abertas en cada sección e un primeiro esbozo de memoria, que serviu para a presentación, en forma de relatorio e de exposición, no marco dos IX Encontros para a Normalización Lingüística

(outubro 2005). A elaboración conxunta desta mesma memoria, presentada en primeiro lugar no Consello Científico do ILG en decembro de 2005, abunda na mesma liña. Activamos a difusión de información de programas de financiamento, co obxectivo de amplialos e diversificalos. O Consello Científico promove a integración nos grupos de investigación do ILG de colaboradores externos á USC. Cremos que se están producindo signos positivos de cambio, tanto no sentido de aparición de accións e liñas novas, internas e en colaboración con investigadores doutros centros, coma no de proxectos conxuntos entre grupos distintos do propio centro.

e) Docencia. Neste momento o ILG ten unha cita anual na convocatoria dos Simposios do ILG, que xa cumpriu a quinta edición e está programando a sexta para novembro de 2006. Membros da sección de Fonética son responsables do Curso de Perfeccionamento en Lingua Oral para os Medios de Comunicación, que se celebra anualmente. Os membros da sección de Onomástica responsabilízanse da convocatoria do Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento, que se realiza cada catro anos.

Nesta liña de actualización, non puidemos acometer neste primeiro ano a reforma do noso regulamento de réxime interno para o axeitar aos novos estatutos da USC. Nomeamos no Consello Científico unha comisión para presentar ao pleno unha proposta, pero obrigas máis apremantes de distinto tipo foron pospoñendo esa revisión; só demos outro paso nese sentido, e foi a modificación da composición do Consello Científico para dar entrada á representación de bolseiros e investigadores non doutores permitida na nova redacción dos Estatutos da USC.

O apoio do Vicerreitorado de Calidade e Planificación Estratéxica, e mais tarde do de Economía e Financiamento, permitiron reparar danos importantes no edificio e recuperar como área de traballo a planta do faiado. Iso, unido a unha reestruturación de espazos e reubicación de equipos, permitiunos ofrecer mellores condicións de traballo a todo o persoal investigador e darlles posibilidades reais de presenza activa no ILG a persoas e grupos que con anterioridade non podían tela máis ca de forma discontinua.

Retomamos o compromiso de reunir «polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria» a Xunta de Goberno do ILG, tal e como prevé o artigo 13 do noso regulamento de réxime interno para o antes chamado Consello de Goberno e consonte o art. 114 dos Estatutos vixentes na USC. Facémolo presentando a memoria do ano anterior, segundo se prevé nos mesmos textos normativos, e non a dos anos anteriores: nela mostramos

as distintas liñas en que se veu traballando durante o ano 2005, mais non por iso deixamos de consignar as que seguen abertas, pero que por razóns de distinto tipo non tiveron actividade durante ese ano. Indicamos cales accións teñen presuposto asignado, ben pola vía de convenios ou accións institucionais ben pola vía de subvencións captadas por investigadores en convocatorias públicas; ora ben, a pertenza a un instituto universitario permite unha optimización de recursos e un apoio entre grupos de investigación tales que pode haber liñas de investigación con resultados moi interesantes sen apoio financeiro específico, e así o facemos constar.

Actividades desenvolvidas no ano 2005

Sección de Dialectoloxía e Xeografía Lingüística


Arquivo do Galego Oral

O *Arquivo do galego oral* é un proxecto desenvolvido no ILG de xeito ininterrompido desde o ano 1974 ata a actualidade. A finalidade do proxecto é recompilar gravacións de etnotextos de todo o dominio lingüístico galego. O arquivo contén na actualidade 2 000 horas de gravacións, con voces duns 6 500 informantes da maior parte dos 315 concellos da Galicia administrativa e de 38 concellos estremeiros (18 concellos da Terra Eo-Navia en Asturias, 16 do Bierzo occidental e dos Ancares de León e 4 das Portelas de Zamora). Unha parte importante das gravacións están transcritas e clasificadas tematicamente.

O Arquivo consta de cinco subarquivos que responden a unha clasificación cronolóxica e temática:

1. Subarquivo de etnotextos do *ALGa*.
2. Subarquivo de etnotextos dos anos 80.
3. Subarquivo de etnotextos dos anos 90.
4. Subarquivo do cancionero de D. Schubarth e A. Santamarina.
5. Subarquivo de textos de rexistro formal.

Parte dos materiais foron publicados na obra F. Fernández Rei / C. Hermida Gulías: *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003 (2ª ed.). Hai unha versión electrónica revisada de 2004 que durante 2005 tivo 15 000 consultas, segundo información dada no plenario do CCG do 28 de novembro de 2005.



O equipo do proxecto estivo presente nos encontros *O son da memoria*, organizados polo Consello da Cultura Galega, nos que Francisco Fernández Rei presentou o relatorio “O Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega”, C. Pujales Prats (coord. edición): *Actas I, II e III Encontros ‘O Son da Memoria’*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia, 2004, p. 63-79.

Tamén deriva do proxecto o capítulo F. Fernández Rei / C. Hermida Gulías

IP

Francisco Fernández Rei

Equipo (o.alf.)

Carme Ares Vázquez
Francisco A. Cidrás Escáneo
Carme García Rodríguez
Carme Hermida Gulías
Eduardo M. Moscoso Mato
Xavier Varela Barreiro
Henrique Costas González

Financiamento

sen financiamento externo específico

Páxina web

www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php


/ F. R. Tato Plaza (2004): “Historias de vida e léxico do Castiñeiriño (Santiago de Compostela)”, en R. Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua Galega, 2004, p. 141-182.

Durante o ano 2005 incorporáronse ao arquivo diversas gravacións de galego culto (conferencias) e de galego popular. F. Fernández Rei, responsable do proxecto, realizou en 2004 e 2005 diversas gravacións sobre cultura mariñeira en Fisterra, en Cambados e no Son. Este material empregouse na redacción dos artigos do propio Fdez. Rei:

“Andisías e rutías: mar de mar e mar de vento na Arousa e na Costa da Morte”, *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial* 1 (2004), 47-52.

“Cardumes, barrias e manchas de peixe en galego e portugués”, dos *Estudos filolóxicos ofrecidos a Ramón Lorenzo. As tebras alumeadas*, organizado polo Dpto. de Filoloxía Galega da USC e de inminente publicación.

Na actualidade trabállase na edición do subarquivo de etnotextos do ALGa, que se espera publicar no ano 2006. Tamén se están iniciando os traballos de preparación do glosario correspondente aos etnotextos.




Dialectometría das variedades xeolingüísticas do galego

Co desenvolvemento do proxecto o equipo investigador procura ofrecer unha descrición das variedades lingüísticas xeográficas da lingua galega que aproveite as novas técnicas de análise dialectométrica. As descricións que existen na actualidade baséanse no procedemento tradicional de seleccionar un conxunto de trazos lingüísticos que os investigadores consideran especialmente relevantes e en estudar a coincidencia da súa distribución no espazo, para logo trazar as isoglosas que sinalan os límites entre as variedades. As investigacións sobre a aplicación da estatística e doutros procedementos matemáticos moi frutíferos noutras áreas científicas e sociais (xeografía humana, xenética de poboacións, etc.) deron conta da posibilidade da súa utilización no ámbito da dialectoloxía. As ciencias humanas usan os métodos cuantitativos para poderen analizar e estudar grandes cantidades de datos, e unha das aplicacións máis elocuentes neste sentido é a da xeografía lingüística e os atlas lingüísticos.

O obxectivo principal da investigación é realizar unha descrición dialectométrica das variedades xeolingüísticas do idioma galego. Os datos éditos e inéditos do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) transfórmanse para poder ser tratados estatisticamente e logo elabóranse as visualizacións cartográficas e gráficas. Sobre estas visualizacións realízase unha análise tomando como modelo os traballos de-

sevoltos no ámbito da dialectometría nas dúas últimas décadas. A investigación permitirá coñecer de maneira máis obxectiva e con maior fondura a proximidade entre as variedades xeolingüísticas, as áreas de cambio e transición entre as variedades, as zonas de xeración de cambios lingüísticos, as áreas máis permeables e as máis resistentes aos cambios. Os resultados do estudo permitirán tamén realizar unha proposta de clasificación das variedades que atenda a distintos trazos lingüísticos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos) e a todos eles en conxunto.



Mapa de índices de variación

Un atlas lingüístico é unha obra cartográfica, tradicionalmente en formato papel, que representa, sobre unha rede de localidades, a pronuncia das formas de expresión dun determinado número de conceptos previamente seleccionados. Os atlas lingüísticos teñen unha estrutura bidimensional (localidades e respostas) que permite realizar unha análise estatística, pero os lingüistas, en concreto os que se dedican ás linguas románicas, tardaron un século en descubrir esta frutífera posibilidade.

IP

Xulio C. Sousa Fernández

Equipo (o.alf.)

Rosario Álvarez

Mónica Ares Ameixide

Francisco X. Dubert García

Marta Negro Romero

Financiamento

solicitado (MEC-2006)

En 1973 o dialectólogo occitano Jean Ségui cuñou o termo dialectometría e describiuna como a metodoloxía utilizada na xeografía lingüística para realizar un estudo cuantitativo dos datos que facilitan os atlas lingüísticos. Desde entón realizáronse varias aplicacións do método dialectométrico dentro do ámbito das linguas románicas, fundamentalmente sobre os materiais dos atlas de Francia e Italia (Goebel, Costa, Guiter), pero tamén en ámbitos máis próximos (García Mouton, Moreno y Aliaga, sobre falas aragonesas; Polanco Roig sobre o catalán; Saramago e Vitorino, sobre o portugués continental e o portugués insular; e Sousa Fernández sobre o galego).

Na actualidade a dialectometría ten especial relevancia nos estudos xeolingüísticos, debido fundamentalmente ás achegas da clasificación numérica, á cartografía estatística e ás múltiples posibilidades que ofrecen os sistemas informáticos de tratamento de información xeográfica (GIS). No ámbito románico o continuador e difusor das propostas de análise estatística dos datos dialectais é o profesor Hans Goebel, da Univ. de Salzburgo, onde lidera un proxecto (*Dialektometrieprojekt*) que ten como finalidade o desenvolvemento e aplicación de ferramentas de análise dialectométrica. No noso proxecto usamos o programa informático *Visual Dialectometry*, desenvolto polos profesores H. Goebel e E. Haimerl.

A metodoloxía usada axéitase aos modelos seguidos noutros proxectos similares xa en funcionamento, que se resumen en:

1. Transformación dos materiais do atlas para a súa análise estatística.
2. Adaptación do banco de datos e das bases cartográficas.
3. Adaptación e desenvolvemento dos métodos de análise estatística.
4. Complementación entre os métodos estatísticos e os sistemas de información xeográfica.
5. Avaliación dos resultados obtidos coa aplicación do método e perfeccionamento do sistema.


Durante o ano 2005 o equipo deu forma definitiva ao texto dos relatos "Clasificación dialectométrica das variedades xeográficas do galego" e "Isoglosas fonéticas, morfolóxicas e léxicas no territorio lingüístico galego", para a súa publicación no volume R. Álvarez, F. Dubert García, Xulio Sousa Fernández (2005): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.

O equipo mantén unha relación constante e fluída co Seminario de Lingüística Románica da Univ. de Salzburgo e co Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, onde traballan co mesmo programa J. Saramago e G. Vitorino, do equipo do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza, ALEP-G*). Ademais, os membros deste proxecto colaboraron no

asesoramento de investigacións de dialectometría desenvoltas sobre o *Atlas Lingüístico do Paraná* (Brasil).

O proxecto non conta na actualidade con financiamento. Está solicitada

subvención no Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación Tecnológica 2004-2007, convocatoria 2006



Distancia entre o estándar e as variedades xeográficas

Atlas Lingüístico Galego

O *Atlas Lingüístico Galego* é o proxecto fundacional do Instituto da Lingua Galega. Entre os anos 1974 e 1976 tres investigadores do ILG realizaron as enquisas do cuestionario en 167 localidades distribuídas en Galicia (152) e nas provincias de Asturias (7), León (5) e Zamora (3). O cuestionario do *ALGa* contén 2711 preguntas coas que se pretende realizar unha descrición detallada das variedades xeográficas do territorio estudado. O material recollido nos cuestionarios constitúe unha base de datos de case medio millón de rexistros na que ademais do texto da resposta se inclúe abundante información complementaria (anotacións sobre o uso, refráns, debuxos, fotos, etc.). A conexión entre a base de datos e un programa de xestión de información xeográfica (GIS) permite a representación cartográfica inmediata de cada unha das respostas do cuestionario.

Directores


Constantino García González
Antón Santamarina Fernández

Investigadores

Rosario Álvarez Blanco
Francisco Fernández Rei
Manuel González González
Francisco Dubert García
Xulio Sousa Fernández

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e subvención da Fundación Pedro Barrié de la Maza



En 1990 publicouse o primeiro volume impreso do *ALGa* e a finais de 2005 viu a luz o Volume V. Os datos do *ALGa* son ademais fonte de moitos outros traballos publicados e en curso, desta e outras seccións do ILG, así como doutros investigadores e centros externos.

Materiais publicados ata o presente:

Atlas Lingüístico Galego. Volume I. Morfoloxía verbal, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.

Atlas Lingüístico Galego. Volume II. Morfoloxía non verbal, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995.


Atlas Lingüístico Galego. Volume III. Fonética, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999.

Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.

Atlas Lingüístico Galego. Volume V. Léxico. O ser humano (I), A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.

No ano 2005 a sección de Dialectoloxía do ILG seguiu desenvolvendo os traballos de preparación e elaboración dos volumes correspondentes ao léxico do *Atlas Lingüístico Galego*. Durante este ano renovouse o equipamento informático coa compra dun novo servidor e de equipos para tres novos postos de traballo. Ademais actualizáronse os programas informáticos da base de

datos (SQL) e do sistema de tratamento de datos xeográficos (ArcView 8.3).



Bolseiros que traballan na actividade: 7.

As tarefas correspondentes á ampliación e revisión da base de datos e mais á cartografía de cada un dos tomos en que se está a traballar detállanse nas seguintes alíneas.

Tomo V. O ser humano (I)

Coordinadores: Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Xulio Sousa.

Equipo: Mónica Ares Ameixide, Leonardo Fernández Campos, Noa Pérez González, Sara Pino Ramos, Dolores Villanueva Gesteira.

As actividades durante o ano 2005 centráronse na revisión do traballo antes e despois de entregalo ao prelo. Está prevista a súa presentación ao público para o mes do febreiro de 2006. Este volume está composto por 300 mapas referidos a partes do corpo, doenzas, accións e características físicas.

Tomos O ser humano II e III

Coordinadores: Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Xulio Sousa.

Equipo: Leonardo Fernández Campos, Dolores Villanueva Gesteira.

Estanse introducindo e revisando as preguntas referidas ao ser humano. Os próximos tomos recollerán ao redor de seiscentas preguntas do cuestionario do ALGa. Na actualidade están introducidas e revisadas 386 preguntas.

Tomos Léxico agrícola

Coordinador: Manuel González González.

Equipo: Sara Pino Ramos, Kristal Veiga Novoa, María Vilasó Martínez.

Estase a traballar na revisión da base de datos das respostas ás 851 cuestións da sección agricultura do cuestionario. Este traballo preliminar de comprobación e depuración supuxo a conversión dos símbolos fonéticos empregados no traballo de campo, a confrontación dos datos dos cuestionarios manuscritos cos xa incluídos na base e outros labores necesarios que atrasan o inicio do proceso de cartografía. Aínda así, fíxose a distribución da información nos tres volumes previstos de agricultura, completouse a depuración da base de datos do contido do primeiro tomo (Volume VI do ALGa), comezouse a dixitalización das imaxes correspondentes e avanzouse na cartografía de 302 mapas coas súas notas maquetadas. Están na súa primeira redacción, pendentes de revisión e de introducir as correccións precisas.

Tomos Léxico do hábitat

Coordinador: F. Fernández Rei.

Equipo: Irene Bravo Pérez, Luísa Vázquez Freire.

O volume de hábitat comprende dous grupos de mapas, as plantas e os accidentes xeográficos. O primeiro grupo ocupa 179 mapas xa feitos mais sen revisar, polo que a listaxe definitiva pode sufrir algunha variación.

Do segundo grupo están elaborados 126 mapas correspondentes a 88 cuestións dun total de 93 que figuran no cuestionario; destes, 38 están corrixidos na súa primeira versión e 20 xa están revisados e teñen xa unha segunda versión.

Atlas Linguistique Roman

O proxecto do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR) nace en 1987, por iniciativa do *Centre de Dialectologie* da universidade francesa de Grenoble, co obxectivo de redactar un atlas de segunda xeración, interpretativo, que ofrezca unha visión de conxunto de toda a Europa de fala romance. Para tal fin, elaborouse unha rede de 1 037 puntos por todo o territorio e seleccionáronse 592 nocións léxicas, 284 trazos fonéticos e 43 morfosintácticos, que se estudarán nos 11 volumes previstos para a obra. Cada concepto represéntase nun ou varios mapas e vai acompañado dun comentario que analiza e clasifica as formas recollidas, atendendo a diferentes aspectos (motivación, distribución xeográfica e estratigráfica das diferentes designacións, etnografía, etimoloxía, etc.).

Actualmente participan neste proxecto case 100 especialistas de máis de trinta universidades e organismos de investigación de oito países europeos (Bélxica, España, Francia, Italia, Portugal, República de Moldova, Romanía e Suíza), reunidos nunha serie de comités nacionais, segundo o dominio lingüístico. Ademais, existe un Comité de Redacción e un Comité de Dirección. Cada un dos comités nacionais é o responsable de recoller os datos correspondentes ao seu territorio para un determinado concepto (*sínteses nacionais*), que son centralizados en Grenoble para

o seu envío aos responsables da redacción do capítulo do Atlas correspondente a toda a Romania (*síntese románica*). Unha vez elaborada, a síntese románica envíaselles aos membros do Comité de Redacción para a súa revisión; con posterioridade, faise a redacción definitiva e continúaase co proceso editorial.

Os distintos membros do proxecto reúnense con periodicidade anual en sesións plenarias de traballo, para presentar o estado dos seus proxectos, someter a discusión as súas hipóteses, planificar as investigacións futuras, etc. Actualmente, xa están publicados dous volumes (1. *Presentación e 2a. Insectos e pequenos animais salvaxes*); o vol. 2b está no prelo e o vol. 3 en avanzado estado de redacción.

O comité galego do ALiR ten a súa sede no Instituto da Lingua Galega (USC) e está coordinado polo Prof. Manuel González González, que é tamén membro do comité de redacción. Durante o ano 2005, o comité finalizou a elaboración de varias sínteses romances que lle foron adxudicadas: *bousier* ('escaravello'), para o volume 2b; *merle* ('merlo') e *alouette* ('laverca') para o vol. 3. Actualmente traballa na redacción da síntese romance *bleuet* (aparecerá no vol. 4) e na corrección dos datos galegos das sucesivas sínteses románicas que se elaboran para eses volumes; as sínteses galegas correspondentes aos conceptos analizados nos catro

Coordinador do Comité Galego
Manuel González González

Outros investigadores do ILG
en 2005
Xosé A. Álvarez Pérez

Financiamento
axuda da Unión Europea e do
Centre National de la Recherche
Scientifique. Non existe financia-
mento específico para o comité
galego

primeiros volumes xa foron elaboradas en anos anteriores.

O comité galego tamén é o encargado de elaborar unha base de datos na que se recolla todo o material do *ALiR* a medida que se vaia estudando. Esta base de datos estará en Internet a disposición da comunidade científica internacional e fornecerá unha impresionante cantidade de material a dialectólogos, etimólogos ou historiadores da lingua, pero tamén a lingüistas sincrónicos, etnógrafos,

etc. En novembro de 2004 foi presentada na sesión plenaria celebrada en Córsega unha primeira versión da base de datos, que foi perfeccionada e ampliada ao longo do ano 2005 e que actualmente está en fase de probas. Unha vez que se aprobe a versión definitiva, será tamén o comité galego o encargado de coordinar a adopción por parte dos diferentes comités nacionais, de revisar a información introducida nela e de mantela actualizada.

Atlas Linguarum Europae

O *Atlas Linguarum Europae* foi unha iniciativa levada a cabo pola Universidade de Nijmegen, que contou co patrocinio da UNESCO. Pretende dar unha visión da complexidade lingüística de todo o continente europeo. Foi o primeiro atlas lingüístico continental de carácter interpretativo, pois non só presenta a distribución cartográfica sobre mapas de cada un dos fenómenos lingüísticos, senón que os mapas van acompañados de cadanseu estudo sobre os datos que conteñen.

Cada mapa é realizado por un redactor europeo a partir da análise das sínteses de cada unha das familias lingüísticas, que á súa vez son elaboradas tendo en conta a información proporcionada por cada comité estatal. Dentro do Comité español están integrados un representante do catalán, outro do éuscaro e outro do galego. O representante de Galicia é Constantino García, aínda que desde o ano 1988 esta función véna exercendo na práctica Manuel González, e os datos sobre o galego que se proporcionan a este proxecto proceden dos materiais recollidos para o *Atlas Lingüístico Galego*.

A dirección deste proxecto estivo primeiro en Holanda (aínda que o banco de datos coa información estaba en Alemaña), e despois pasou para Italia (Firenze) onde está actualmente. O seu primeiro director foi MJ. Weijnen, seguido no cargo por Mario Alinei.

Deste atlas lévanse publicados ata este momento seis volumes, todos

eles con mapas referidos ao estudo do léxico. O ALE é un referente universal dentro da xeografía lingüística, por ser o primeiro macroproxecto neste ámbito con participación de investigadores de todos os estados europeos, pero sobre todo pola súa metodoloxía, porque foi a primeira obra na que se puxo en práctica o estudo motivacional das denominacións, que permitiu descubrir primitivas unidades culturais, que quedaron totalmente asolagadas debaixo da actual división lingüística de Europa.

Do seo do *Atlas Linguarum Europae* xurdiron outras iniciativas importantísimas dentro da xeografía lingüística actual, como o *Atlas Lingüístico Románico*, o *Atlas Lingüístico Xermánico* ou o *Atlas Lingüístico Céltico*.



IP no ámbito galego:
Manuel González González

Financiamento
na actualidade non conta con financiamento

Sección de Fonética e Fonoloxía

AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman)


O proxecto europeo AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman), creado polo Centre de Dialectologie-Université Stendhal (Grenoble, Francia), xorde a finais do século pasado co obxectivo de describir e comparar os trazos prosódicos das variedades lingüísticas do espazo románico.

O obxectivo principal, e no que reside a novidade do proxecto, é o deseño dun atlas prosódico en formato multimedia que se poida poñer a disposición dos usuarios na rede e que estea composto por unha serie de mapas falantes que permitan escoitar cun sinxelo clic do rato a entoación das principais modalidades oracionais.

A coordinación xeral está en Grenoble (Michele Contini e Antonio Romano). O grupo organízase en comités de dirección nacionais:

- Castelán (AMPER-ESP): Eugenio Martínez Celdrán (Univ. Barcelona)
- Catalán (AMPER-CAT): Ana María Fernández Planas (Univ. de Barcelona)
- Galego (AMPER-GAL): Elisa Fernández Rei (USC)
- Galo-Romano (AMPER-FRA): Michele Contini (Univ. Stendhal, Grenoble)
- Italo-Romano (AMPER-ITA): Antonio Romano (Univ. Turín)
- Portugués (AMPER-POR): Lurdes de Castro Moutinho (Univ. Aveiro)

- Romanés (AMPER-ROM): Adrián Turculet (Univ. de Iasi)



A aplicación do proxecto xeral AMPER a Galicia coñécese como AMPER-GAL. A incorporación de Galicia ao Proxecto Internacional xorde en decembro do 2001, aínda que os comezos da investigación non se produciron ata mediados de 2003. O grupo, que baixo a coordinación de Elisa Fernández Rei, traballa no laboratorio de fonética do ILG, pretende basicamente contribuír á realización do AMPER, describindo a variación prosódica que o galego presenta no seu territorio, validando os datos obtidos perceptivamente e ofrecendo unha interpretación dos resultados. Ademais, o proxecto permitirá realizar estudos comparativos co resto das variedades lingüísticas.

IP

Elisa Fernández Rei

Equipo

Manuel González González
Ana Belén Escourido Pernas
Maruxa Caamaño Varela
Luís Xuncal Pereira
Sonia Gómez Castro

Financiamento

Proxecto I+D MEC-2005 subvención aprobada

Vocabulario fonético do galego

Este dicionario pretende ofrecer un modelo de pronuncia para cada palabra da lingua galega. Nesta primeira versión inclúese o léxico contido no *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG), máis de 46 000 entradas.

Ademais de utilizar toda a información fonética dispoñible, realizáronse enquisas complementarias. Nos casos en que se encontraron pronuncias diverxentes, ben como variantes dialectais no léxico patrimonial, ou ben como adaptacións diferentes de cultismos, os criterios para establecer a pronuncia modelo foron, fundamentalmente: a extensión social e demográfica de cada pronuncia; a coherencia coa fami-lia léxica propia e con outras familias con contextos semellantes; a converxencia co portu-

gués estándar e en estranxeirismos, a pronuncia da forma orixinal.

Durante o ano 2006 prevese rematar os traballos de revisión e corrección dos materiais.

Na sección de fonética estase a estudar a posibilidade de iniciar dous novos proxectos. O primeiro, *Descrición e estudo dos modelos entoativos do galego actual*, está ligado ao proxecto AMPER e ten como obxectivo realizar unha exposición minuciosa e unha análise detallada dos patróns entoativos das principais variedades do galego. O segundo proxecto pretende elaborar unha descrición da fonética acústica do galego. Para este fin recompilaranse e completaranse os materiais xa existentes para conseguir un traballo completo e coherente.

o¹ m [o] | n letra Ī
o² art [o] | xc a
o³ p [o] | xc a
ó¹ cont [o] | sin ao | n a4(pp)+o2(art)
ó² ix [o] | sin oh
oasis m [oˈasis]
obcecación f [oβeˈkaθjon]
obcecadamente av
[oβeˈkaðaˈmente]
obcecado pt a [oβeˈkaðo] | xc
obcecada
obcecar t pr [oβeˈkaɾ]
obedecer t i [oβeˈðeθer]
obediencia f [oβeˈðjenθja]
obediente a [oβeˈðjente] >
[oβeˈðjente] | sin guiado
obedientemente av
[oβeˈðjenteˈmente] >
[oβeˈðjenteˈmente]
obelisco m [oβeˈliθko]
óbolo m [oβeˈlo]
obenque m [oβeˈnke]
*obertura f | sin abertura>
obesidade f [oβeˈsiðaðe]
obeso a [oβeˈso] | xc obesa

oblicuidade f [oβliˈkwiðaðe]
oblicuo a [oβliˈkwo] | xc oblicua
obliteración f [oβliˈteɾaθjon]
obliterador a m [oβliˈteɾaðor] | xc
obliteradora
obliterar t [oβliˈteˈrar]
oblongo a [oβloˈngo] | xc oblonga
obnubilación f [oβnuˈβilaθjon]
obnubilar t pr [oβnuˈβilar]
óboe m [oβoˈe]
oboísta s [oβoˈista]
óbolo m [oβoˈlo]
obra f [oβɾa]
obradeira f [oβɾaˈðejɾa]
obradoiro m [oβɾaˈðojɾo]
obrar t i [oβɾaɾ]
obreirismo m [oβɾejˈrismo]
obreirista a s [oβɾejˈrista]
obreiro s a [oβɾejɾo] [oβɾejɾo] | xc
obreira
obriga f [oβɾiˈɣa]
obrigábel a [oβɾiˈɣaβel] | sin
obrigable
obrigable a [oβɾiˈɣaβel] | sin
obrigábel
*nación f [oβɾiˈɣaβel]

IP

Xosé L. Regueira Fernández

Equipo

Carme García Rodríguez

Carme Hermida Gulías

Xulio C. Sousa Fernández

Financiamento

sen financiamento externo específico

Sección de Gramática

Gramática xeral descritiva do galego moderno

A finalidade do proxecto é describir gramaticalmente o galego moderno cunha vontade integradora das variantes dialectais, cronolóxicas, sociais e estilísticas comprobables na actualidade. Perséguese por tanto unha descrición moito máis ampla, completa e complexa do que é habitual atopar nunha gramática, que se restrinxa adoito á variedade estándar.

A investigación do equipo centrouse en dous obxectivos prioritarios: sobre a base dos avances da investigación lingüística das últimas décadas e a investigación propia dos membros do equipo, completar a descrición daquelas partes da gramática pouco ou deficientemente tratadas; integrar na descrición toda a variación lingüística, o que en moitos casos implica a detección mesma e análise de variantes non sempre ben coñecidas ou tidas en conta.

O proxecto ten unha xa longa tradición desde o mesmo momento de configuración do equipo. Foi presentado publicamente no marco do simposio que conmemorou os 25 anos do ILG e publicado como: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro (2004 [1996]): “Dous proxectos de gramática descritiva”, en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina (ed.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. II, 521-525.

Tivo financiamento do MEC en dous programas sucesivos: *Gramática descritiva da lingua galega* (DGICYT, PB94-0656), no trienio 1995-1997; e *Sintaxe descritiva da lingua galega* (DGICYT, PB97-0531), no trienio 1998-2001. Na actualidade non ten financiamento.

Durante o ano 2005, o equipo estivo centrado na redacción da *Gramática* da RAG e non funciona como tal neste proxecto, que só poderá retomar cando vexa a luz o texto académico. Ora ben, esta é unha preocupación compartida por todos os membros e fundamental na actividade investigadora individual, polo que son numerosos os resultados parciais en forma de artigos e comunicacións que se poderían aducir como mostra de que a liña segue estando activa e presente na nosa actividade.

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

sen financiamento externo específico na actualidade

Dicionario de construcións verbais galegas

A finalidade básica final é polo tanto a elaboración dun “Dicionario de verbos”, que debe conter como mínimo as seguintes informacións:

- acepcións
- esquemas sintácticos (cos elementos requiridos, en sentido amplo) correspondentes a cada acepción
- exemplos (con autor e obra, pero reelaborados canonicamente) correspondentes a cada esquema, incluíndo as diversas posibilidades formais

Para facer estimacións que permitan obter resultados nun prazo razoable é preciso ter en conta algúns datos. Nunha selección de 85 obras do TILG hai máis de 17 000 rexistros de DEBER, 46 000 de HABER, 64 000 de PODER, 106 000 de TER. De IR hai menos, uns 100 rexistros por obra: case 15 000 en 150 obras (en *O niño de pombas* 125 pp hai un ex. de IR por páx.; de VIR hai menos, pero aínda así son uns 75; na *Esmorga*, por ex., hai deste mesmo verbo 108 ocorrencias).

Polo tanto, para partir dun volume de material manexable cómpre facer unha primeira escolma. Seleccionouse un conxunto de 27 obras (unhas 3 500 páx.) de diferentes xéneros que van desde 1810 a 1991; o material procede da base de datos do TILG:

- Textos da lingua escrita (non orais-dialectais)
- Textos comprendidos entre 1800-2000 (15 textos anteriores á Guerra Civil e 12 textos posteriores)

- Textos de diferentes xéneros, pero con pouca representación da poesía.

Número de verbos totais do corpus: 3635. Número de rexistros totais: 99 494. Distribución de frecuencias dos verbos:

- 100 verbos máis frecuentes, con 150 rexistros ou máis: 61 649 rexistros (2/3 do total). Deles, os primeiros 18 verbos máis frecuentes suman máis da metade (37 256 rexistros).
- 163 verbos seguintes en frecuencia, de 149 a 50 rexistros: uns 16 000 rexistros.
- 721 verbos, de 49 a 10 rexistros: uns 20 000 rexistros
- 2 651 verbos, con 9 rexistros ou menos: uns 10 000 rexistros.

O obxectivo inicial consiste na descrición deses 263 verbos máis frecuentes, que suman en conxunto máis do 75% do total dos rexistros (uns 78 000 rexistros sobre aproximadamente 100 000). Loxicamente, e tamén nesta primeira fase, queda aberta a porta a posteriores ampliacións da base para completar as informacións relativas aos verbos con menor número de frecuencias.

É evidente que, en xeral, a descrición é mais complexa segundo aumenta a frecuencia do verbo; os verbos de maior número de ocorrencias (*dicir* 3790; *ir* 3373, *facen* 3259, etc.) son os de maior número de acepcións e de construcións. A súa descrición consumirá necesariamente boa parte dos

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Ernesto X. González Seoane

María Pereira Maceda

Xosé Luís Regueira Fernández

Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

sen financiamento externo específico, agas a bolsa da RAG

esforzos; é previsible que a posterior descrición dos 5 000 verbos seguintes non sexa máis laboriosa.

O traballo de descrición faise nunha base de datos con campos para incluír todas as informacións importantes da oración nucleada polo verbo que se estuda:

- indicación do tipo de oración
- acepción semántica que presenta no rexistro
- construción que presenta, coa súa orde e todos os constituíntes funcionais inmediatos
- esquema sintáctico a que corresponde a construción
- campos para incluír as informacións relativas a cada un dos constituíntes funcionais da construción (suxeito: existencia, tipos, unidade que o realiza, etc.)

Á parte do obxectivo mencionado (e á parte tamén do aproveitamento que se poida tirar do traballo para a realización do futuro grande dicionario galego, con base fundamental no TILG), a base de datos proporciona informacións moi completas sobre a unidade oración e os seus constituíntes. As informacións e a súa importancia son doadamente deducibles á vista dos campos traballados: estudo das clases de oracións, estudo da orde de palabras, dos tipos xerais de esquemas verbais e das súas relacións, do comportamento de diferentes clases semánticas de verbos, dos diferentes constituíntes

funcionais (suxeito, CD, perífrases verbais...), etc.

O proxecto non ten financiamento específico. É resultado dunha cooperación entre o ILG e o Seminario de Gramática da RAG, que sostén o pagamento da bolsa. Estes traballos son necesarios como apoio ao equipo de redacción da gramática académica, mais o equipo procura mantelos como proxectos separados.

Tras unha primeira fase en que cada un dos membros do equipo se encargou de examinar e supervisar un verbo (*afogar, esquecer, acordar, manter, deixar, volver*) para poñer a proba o funcionamento da base e os criterios establecidos, o traballo continuou baixo a supervisión de X. Xove. Para facer o traballo da maneira máis operativa e sistemática posibles, seguiu-se a agrupación semántica dos verbos, e non unha orde estrita de frecuencias ou alfabética (verbos de movementos, etc.).

Neste momento van descritos 41 verbos, cun total de 24 981 rexistros, é dicir, un terzo do total inicial.

Durante os tres primeiros meses do ano 2005 a bolsa estivo sen cubrir. A primeira bolsa do seminario, Soraya Domínguez Portela, presentou un TIT sobre a complementación preposicional dos verbos de movemento, baseándose no corpus e metodoloxía do proxecto, e agora está realizando a súa tese de dou-

toramento sobre as construcións amplo, baixo a dirección de Rosados verbos de movemento, co mesmo método e un corpus moito máis

Entrada: [DICVerbs Descripción]

Archivo Edición Ver Insertar Formato Registros Herramientas Ventana 2

Escriba una pregunta

Lema: volver Categoría: 525 Pst1 Obra: [defin958] 29 4

enseñar algo máis da vila ao meu amigo <3'Nogueira3> e de seguida

Palabra: volto

Or. subordinada: []

Acepción: [1]

Construcción: cc+vp

Esquema: []

Nº de esquemas: []

Sujeito

S1: [so]

S3: [an]

S2: []

Predicado

P1: [o]

P2: []

Complemento prep.

CP1: []

CP2: []

Complemento circ.

CC1: cc,cco

CC2: fav

CC3: cct,ccld

Complemento dire

CD1: []

CD2: []

Atributo

AT1: []

AT2: []

Complemento exente

CA1: []

CA2: []

Registro: 98809 de 99496

Completar só se é oración subordinada, indicando a función: s, cd, cc, mod, etc.

NUM

Inicio 3 Microsoft Office A... ES 18:26

Gramática contrastiva do portugués e o galego

O proxecto naceu ao abeiro da Cátedra de Galego da Universidade de Lisboa, no curso 1996-1997. Preténdese a redacción dunha gramática contrastiva fundamental do portugués e o galego, con dous obxectivos compatibles: dunha banda, describir as semellanzas e diferenzas dos dous sistemas lingüísticos, en evitación de confusións e interferencias por ignorancia; doutra, facilitar a comprensión e a adquisición dunha lingua polos falantes da outra.

Está definido o plan da obra e o programa de traballo, así como as responsabilidades dos membros do equipo nas distintas fases. Están tamén redactados capítulos importantes, como a parte fónica, a morfoloxía nominal, os determinantes e o pronome persoal. A *Gramática* non foi aínda concluída, pero non se renuncia a ter resultados en forma de libro cando outras obrigas, por ambas as bandas, permitan volver a ela. Si os hai en forma de materiais de clase, na materia *Lingüística contrastiva: galego e portugués* da titulación de Filoloxía Galega (Fac. de Filoloxía, USC), en cursos de mestrado da Universidade de Lisboa e nos cursos de doutoramento sobre Gramática e variación lingüística. E, sobre todo, segue habéndoos en forma de artigos e comunicacións en congresos.

A colaboración entre os membros do equipo non se restrinxe á redacción da gramática e deu lugar a varias accións, entre as que salientan cursos de mestrado impartidos por Rosario Álvarez na Universidade de Lisboa e cursos de doutoramento e seminarios impartidos polas profesoras Mota e Leiria en Santiago de Compostela. Propiciou a consideración do galego en investigacións lingüísticas realizadas sobre o portugués (e viceversa); a participación cruzada en tribunais de teses de licenciatura, mestrado e doutorais en ambas as universidades; a tutela conxunta de traballos académicos, o intercambio continuo de información, a revisión mutua de traballos, etc.

Nos dous primeiros anos foi financiado pola Cátedra de Galego da Fac. de Letras da Univ. de Lisboa / Dirección Xeral de Política Lingüística-Xunta de Galicia (ED103A96/191-0). Durante o ano 2005 o proxecto estivo practicamente abandonado por lle ter que dar prioridade a outros labores de investigación, en especial á redacción da *Gramática* da RAG.

IP

Rosario Álvarez

Equipo

Xosé Xove Ferreiro (ILG)

Maria Antónia Mota (Univ. de Lisboa)

Isabel Leiria (Univ. de Lisboa)

Financiamento

sen financiamento externo específico na actualidade

Gramática da Lingua Galega

O proxecto Gramática da Lingua Galega ten por finalidade elaborar unha gramática descritiva. Esta gramática supón un avance sobre as gramáticas precedentes, tanto pola maior extensión e amplitude da descrición, como polos obxectivos propostos. Trátase da gramática dunha institución á que, desde a fundación, se atribúe unha orientación e autoridade normativas, polo que vai resultar inevitable que a simple e pura descrición se entenda como prescrición. Ademais, os destinatarios desta gramática son persoas dun certo nivel cultural (coma todos os que consultan a gramática de calquera lingua), pero non lingüistas, e que con frecuencia buscarán nela certezas sobre a corrección ou novas formas de expresión, á par de explicación sobre a maneira de ser da lingua. En suma, é unha gramática descritiva da variedade estándar da lingua, o que implica un certo carácter normativo que non se persegue como obxectivo principal, baseada na tradición gramatical precedente e en investigación propia e inédita do equipo, comprobada por medio de corpóra tirados do galego oral e do galego escrito nos últimos séculos.

Os membros do equipo teñen unha xa longa traxectoria de traballo conxunto, como docentes de gramática na Facultade de Filoloxía da USC e como membros do equipo de gramática do ILG, con sucesivos proxectos financiados con vistas á elaboración dunha

gramática descritiva da lingua galega moderna.

O equipo xa constituído no ILG recibiu da RAG en novembro de 2000 o encargo de redactar a gramática institucional, o que obrigou a reconducir a anterior actividade. Os criterios do equipo nesta difícil tensión entre descrición do uso e prescrición foi explicitada no marco do simposio *Variación e Prescrición*, organizado polo ILG no ano 2003, precisamente para escoitar distintas voces galegas sobre este tema e para aproveitar a experiencia dos redactores de tres grandes proxectos peninsulares de publicación recente, a través de representantes dos equipos da gramática española (Violeta Demonte), da gramática catalá (Joan Solà) e da portuguesa (Inês Duarte). Ademais das conferencias individuais sobre os distintos campos de traballo, o equipo de gramática presentou o relatorio “Entre o uso e a norma. O proxecto de Gramática da Real Academia Galega”, que foi publicado no volume Rosario Álvarez & Henrique Monteagudo (2004): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 61-68.

Os cinco membros do equipo teñen encomendada a redacción de cadansúas partes da gramática: Xosé Luís Regueira os capítulos de fonética, fonoloxía, ortografía, adverbio, preposición e conxunción; Ernesto

IP

Rosario Álvarez (membro do ILG, académica numeraria da RAG e Directora do Seminario de Gramática da RAG)

Equipo

Francisco A. Cidrás Escáneo
Ernesto X. González Seoane
Xosé Luís Regueira Fernández
Xosé Xove Ferreiro

Financiamento

convenio coa Real Academia Galega

González Seoane os do substantivo e adxectivo, e mais os dedicados á estruturación, formación e innovación lexicais; Xosé Xove Ferreiro os dos determinantes e o verbo; Francisco Cidrás os das categorías sintácticas, os constitúntes da frase e da oración, e mais o estrato informativo; e Rosario Álvarez os do pronome persoal, relativos e a oración complexa e composta. Unha vez establecidos os criterios xerais, os autores adiantan unha redacción que se somete á consideración crítica e aceptación dos restantes membros do equipo, sen prexuízo de que algunhas partes que semellaban ter xa unha redacción case definitiva tiveran que ser reconsideradas á luz de acordos posteriores. Esta forma de traballo dificulta

cuantificar que porcentaxe do texto final está xa definitivamente elaborado, pois os distintos capítulos están en fases distintas de redacción. Ademais, a aceptación parte a parte non evita que, tras a recepción de todas e cada unha, haxa que facer aínda un intenso traballo de homoxeneización estilística e de trabazón interna do texto.

Desde a súa fundación e provisionalmente, o Seminario de Gramática da RAG funciona a todos os efectos nas instalacións do ILG, por acordo entre as dúas institucións. A RAG recibe financiamento para este proxecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Sección de Historia da Lingua

Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos

O proxecto ten como obxectivo a publicación de edicións filolóxicas das coleccións diplomáticas dalgúns mosteiros galegos. Na actualidade estase a traballar nos documentos notariais dos mosteiros de Santa María de Oia e de Santa María de Montederramo. A colección de Montederramo, a piques de saír do prelo, contén 1873 documentos en latín, galego, portugués e castelán de entre o ano 1124 e o 1560. A colección de Oia está formada por 1226 textos, tamén en latín, galego, portugués e castelán que están datados entre o século x e o xvi.

O traballo realízase na sección de Historia da Lingua, baixo a dirección de Ramón Lorenzo. Durante o ano 2005, o proxecto avanzou en dúas liñas fundamentais:

- A dixitalización dos microfilmes dos documentos medievais das coleccións en que se traballa, en total de 5 663 obxectos dixitalizados, entre eles os da colección de Oia.
- A edición dos fondos documentais do mosteiro de Santa María de Oia, que contén arredor de 1 300 documentos en galego, desde o séc. xii ao xvi.
- Durante o ano 2005, neste proxecto de edición desenvólvense dous labores de forma paralela: unha primeira lectura e transcrición das fontes, con 29 documentos lidos neste ano;

- unha relectura de corrección para confrontar datos e estilos dos diversos notarios e realizar a extracción da información dos documentos para completar a base de datos (sobre 183 documentos durante o 2005).

Ademais destes labores, durante este ano continuouse co traballo de localización dos documentos xa editados coa finalidade de cotexar as propias lecturas e de evitar as lagoas producidas por documentos perdidos, fotocopias mal clasificadas, etc. Tamén se seguiu á procura dos documentos orixinais co propósito de completar a colección e de depurar as lecturas xa realizadas.

O grande volume da documentación do mosteiro de Santa María de Oia (uns 1 300 documentos) e o deficiente estado en que estes se atopan retarda o traballo de lectura e de establecemento do texto para a edición. Ademais destas dificultades a persoa encargada da lectura estivo durante 2 meses de baixa por causa dun accidente de tráfico, polo que resultou imposible rematar a lectura do corpus durante este ano. Restan aínda ao redor de 350 documentos sen editar, dos cales 311 están aínda sen transcribir e 39 sen revisar.

IP

Ramón Lorenzo Vázquez

Equipo

M^{ra} Carme Pérez González

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Edición paleográfica de obras medievais

A mediados do ano 2005 a sección decidiu abrir un novo módulo dentro do TMILG, por lle parecer imprescindible contar con edicións paleográficas das nosas obras medievais. Sen elas os estudos lingüísticos convértense en produtos mutilados nos que non é posible abordar con garantías os apartados gráfico e fonético. Por outra banda, moitas das edicións manexadas carecen de rigor e en tal sentido asumimos o compromiso de ir recuperando pouco a pouco os textos medievais na súa virxindade. Decidiuse comezar polas obras literarias, por motivos varios. Estase a traballar nestes momentos cos catro códices das *Cantigas de Santa María*.

portos diversos. Xa está realizada a lectura paleográfica dos catro códices marianos: o Códice Rico (To), o Códice de Toledo (T), o Códice de Florencia (F) e o Códice Escorialense (E).

A finalidade última é o establecemento de distintos tipos de edición intertextuais que respondan ás necesidades específicas das disciplinas de estudo e análise interesadas nesta magna obra afonsina. Está prevista inicialmente unha edición en formato libro e posteriormente unha edición electrónica on line pensada expresamente como un recurso aberto á interdisciplinariade.

Ao acabar quérese completar a produción lírica e máis tarde achegarse á prosa.

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Ramón Mariño Paz

Eduardo Moscoso Mato

Ricardo Gutiérrez Pichel

Paulo Martínez Lema

Mariña Arbor Aldea

Financiamento


sen financiamento externo específico na actualidade



Con este proxecto en fase avanzada preténdese construír unha multiedición automatizada das *Cantigas de Santa María*, compatible con formatos e so-


Proxecto Sarmiento (ILG/CCG)

O proxecto *Martín Sarmiento. Obras completas* acomete, por medio dun equipo interdisciplinario de especialistas, a tarefa de recuperación e edición da obra escrita de Sarmiento, consistente na súa dixitalización, transcripción e estudo, ademais da elaboración dun rexistro exhaustivo de fondos manuscritos. O Instituto da Lingua Galega colabora neste inxente proxecto e pon á súa disposición, amais das súas instalacións, todo o material de apoio, dicionarios, enciclopedias, libros de consulta, etc., que contribúen a que este traballo vexa a luz.



A partir de xaneiro de 2006 incorpóranse ao proxecto dous novos bolseiros que traballarán no ILG e participarán nas tarefas de transcripción e revisión.

Tendo en conta as características que presenta a obra de Sarmiento, o labor proxéctase a longo prazo. Nos vindeiros anos iranse publicando os tomos, aproximadamente vinte e cinco, ata completar a obra do beneditino. Ata agora levouse a cabo a transcripción da obra *Martinus contra Martinum* e os tomos XIII e XIV da obra de 660 Pliegos. Ao longo do 2005 o equipo de traballo proseguíu coas tarefas de transcripción dos tomos XV e XVI. Na actualidade están xa no prelo os tomos XIII e XIV e agárdase rematar a revisión do XVI para a súa publicación no 2006.



Dirección
Henrique Monteagudo Romero (IP)
Antón Santamarina Fernández
Francisco Díaz-Fierros (CCG)

Equipo
Antón Lado Lago
Silvia Viso Pérez


Financiamento
convenio co Consello da Cultura Galega

TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*)

O *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* é un corpus que contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas) e boa parte das obras notariais. O número de documentos colectados é de máis de 12 500, datados entre o século XIII e principios do XVI. En número de palabras o TMILG pasa na actualidade dos 7 millóns, que dan arredor de 170 000 formas gráficas distintas. As dez máis frecuentes son, por esta orde, *d(e)*, *e(t)*, *a*, *que*, *o*, *en*, *por*, *el*, *os* e *se*; este conxunto constitúe o 29,62% de todo o corpus. Os primeiros substantivos comúns son *carta*, *parte*, *rrey*, *lugar* e *terra*. Os primeiros antropónimos son *Fernando* e *Afonso*. Os primeiros topónimos galegos son *Lugo*, *Orzellon*, *Oseira* e *Tuy*. Os foráneos son *Castella*, *Troya*, *Toledo*, *Cordoua* e *Leõ*. O corpus é de acceso libre, previo rexistro como usuario. O sistema de consulta permite procurar unha ou varias palabras, facer buscas booleanas e utilizar comodíns. Pódense refinar as buscas facendo restricións cronolóxicas, por xénero, por subxénero e por obra.

O TMILG foi creado como base para a elaboración dunha gramática histórica. Ten utilidade en todas as ramas lingüísticas e literarias da filoloxía, así como en moitas outras disciplinas, entre as que destacan a historia, a paleografía, a xeografía, o dereito e a política, a antropoloxía, as ciencias da saúde, a náutica, a botánica e a

zooloxía. O proxecto realízase na sección de Lexicografía do ILG, baixo a dirección de Antón Santamarina. Colaboran nesta actividade 3 bolseiros. O traballo ten como resultado visible neste momento do proceso a creación dunha base de datos lematizada que está ao dispor dos investigadores no sitio <http://www.ti.usc.es/tilg/>, onde tamén constan os créditos, datos e documentación de interese.



Os traballos desenvolvidos durante o ano 2005 continuaron a liña marcada polas actuacións emprendidas nos anos anteriores. Dunha banda avanzouse na corrección e marcaxe de textos medievais incluídos na base textual previa que quedaran pendent; incorporáronse, manualmente ou por dixitalización óptica, novas coleccións documentais que foron aparecendo recentemente e novas edicións dalgunhas obras non notariais que case sempre viñeron corrixir algunhas deficiencias das anteriores. Por outra banda incorporáronse ao TMILG 40 novas obras que xa están a disposición en Internet desde finais de

IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Amparo Cereixo Silva
Xosé L. Couceiro Pérez
Ricardo Gutiérrez Pichel
Ramón Lorenzo Vázquez
Marisol López Martínez
Ramón Mariño Paz
Paulo Martínez Lema
Eduardo Moscoso Mato
Alexandre Rodríguez Guerra
Carme Silva Domínguez
Damián Suárez Vázquez

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Páxina web

<http://www.ti.usc.es/tilg/>

setembro de 2005. A partir de agora os traballos orientaranse ao enriquecemento do corpus coa masa textual que se vaia derivando das publicacións futuras e á mellora dos sistemas de etiquetaxe, moi especialmente á lematización da globalidade do corpus. Para o ano 2006 contemplamos a posta en marcha dos traballos de introdución da produción medieval portuguesa. Comezaremos pola máis recuada no tempo (séculos XII e XIII) e continuaremos coa dos séculos XIV e XV en anos sucesivos.

O proxecto está dirixido polo profesor Xavier Varela e colaboran na actividade 2 bolseiros.

Como xa ocorrera o ano pasado, diversas circunstancias, que tiveron que ver coa tardía entrada en vigor do convenio do 2005 e con dificultades pola modalidade de contratación do persoal, impediron que o traballo dos colaboradores comezase a principios de ano, polo que o grao de desenvolvemento dos traballos non é o que tiñamos previsto a comezos de 2005. Con todo, as tarefas realizadas supoñen un esforzo considerable e levaron o corpus a un estado moi avanzado de desenvolvemento.

As obras que quedan pendentes son poucas en número e, na maior parte dos casos, de escaso volume de texto (unha media de 20 000 caracteres). Teñen entidade cuantitativa algunhas coleccións monásticas que acaban de aparecer (San Salvador de Celanova - 2004, por exemplo) ou que aínda están á espera de ser publicadas (Tombo H da Catedral de Santiago, Ferreira de Pallares [Guntín], Sobrado de Trives, Montederramo, Melón, etc.).

Ao longo destes meses non puidemos continuar coa lematización pola escaseza de recursos e a falta de tempo material. No ano 2004 fixeramos tentos entre as ferramentas de dominio público e someteramos a proba o programa GATTO do Istituto Opera del Vocabolario Italiano (OVI) do CNR de Italia. Obtivemos uns primeiros resultados que nos encheron de esperanza, pero finalmente revelóusenos insuficiente. Na actualidade estamos a manter contactos co equipo do CLUVI (Vigo) que nos van permitir unha nova achega a un asunto tan espiñento como a lematización de textos medievais.

Gramática Histórica da Lingua Galega

O proxecto da *Gramática histórica da lingua galega* ten como obxectivo a redacción dunha obra na que se presente unha historia interna do sistema lingüístico galego. A gramática fundaméntase sobre un corpus de textos galegos das distintas épocas e tamén de textos en latín e en castelán producidos en Galicia ou nas terras lindeiras. As exposicións ilustraranse fundamen-

talmente con exemplos tomados dos proxectos TMILG e TILG.

A obra final contará con catro volumes: *I Fonética e fonoloxía*, *II Morfoloxía*, *III Sintaxe* e *IV Léxico*. En cada volume o eixe estruturador principal será o cronolóxico, de modo que se expoñan os distintos sistemas vixentes no latín galaico, no galego medieval, no galego medio e no galego contemporáneo.

Contaba daquela o indicativo con dous tempos de futuro, correspondentes a dúas funcións temporais netamente diferenciadas: o chamado "futuro imperfecto", que expresaba posterioridade con respecto á orixe (o+V), e o chamado "futuro perfecto", que expresaba anterioridade con respecto a unha referencia posterior á orixe (o+V)+V. Dispoñían de expresión sintética, uniforme para o "perfecto".

F1	(-V)-IR-D
F2	(-V)-IR-C-S
F3	(-V)-IR-C-T
F4	(-V)-IR-C-MUS
F5	(-V)-IR-C-VER
F6	(-V)-IR-C-NT

e diferenciada segundo as conjugacións para o "imperfecto".

	Iª e IIª	IIIª e IVª
F1	-RO	-AM
F2	-IS	-AS
F3	-IT	-IT
F4	-MUS	-MUS
F5	-MUS	-MUS
F6	-NT	-NT

Para este último funcionaban ao par outras expresións de carácter perifrástico que servían para indicar valores volitivos, como o desexo, a intención, a necesidade, etc. En todas elas convivían un infinitivo e un verbo auxiliar en presente de indicativo ou en copretérito, este con valor de supretérito e non integrado no paradigma, ás veces ligados mediante preposición. É posible establecer unha cronoloxía relativa da aparición destas variacións ao longo do período latino.

IP

Xavier Varela Barreiro
Ramón Mariño Paz

Equipo

Alexandre Rodríguez Guerra

Financiamento

sen financiamento externo específico

Sección de Lexicografía

TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) e Dicionario da lingua galega (base de datos lexicográfica)

O *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* é unha base de datos que contén textos do galego moderno desde 1612 (o soneto de Bázquez de Neyra) ata a actualidade. Os textos pertencen a todos os xéneros e rexistros, desde o texto oral ata a poesía máis requintada ou a prosa científica máis austera. Na actualidade a lista de claves de obras incluídas é de 1 464. Cada rexistro da base de datos contén unha palabra, cos seus contextos anterior e posterior, o lema que lle corresponde, a categoría gramatical e a localización (autor, obra e ano). A falta dun modelo idiomático ata tempos recentes provocou unha fronde de variantes fonéticas e morfolóxicas para moitas palabras. O proceso de lematización semi-manual que se segue permite agrupar baixo un mesmo lema todas as variantes que aparecen nos distintos textos. Por exemplo, para o lema *azucres* recoñécense as seguintes 8 variantes: *asúcar*, *asucre*, *azúcar*, *azucr'*, *azucre*, *sucre*, *zúcaro*, *zucres*.

O número de palabras procesadas no TILG achégase aos 20 000 000, das cales están lematizadas 11 749 291. O número de lemas diferentes pasa de 90 000. O corpus é de acceso libre. Ata o momento están dispoñibles na rede as seguintes modalidades de consulta: por lema, por palabra, por lema (ou palabra) + segunda palabra, que permite ver locucións (*meter o zoco*) e colocacións (*besta brava*). Pódense facer tamén buscas de lemas combinados con datas, autores, obras ou categorías gramaticais.

Este corpus foi ideado para a fabricación dun dicionario do galego moderno. Á parte diso pode valer para traballos de carácter filolóxico, tanto lingüísticos como literarios. Pode ter utilidade para a documentación en estudos históricos, antropolóxicos, xurídicos, políticos, musicais, etc.

IP

Antón Santamarina Fernández

Equipo


Xandra Santos Palmou
Inma Seage Freire
María Rodríguez Suárez

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Páxina web

<http://www.ti.usc.es/TILG/>



Diccionario de diccionarios do galego medieval

O *Diccionario de diccionarios do galego medieval* (DDGM) créase co obxectivo de recoller e sistematizar as obras lexicográficas a partir de corpóra de textos galegos -ou galego-portugueses- medievais. A primeira edición reúne os glosarios e vocabularios dos textos máis relevantes da produción medieval: cantigas profanas e marianas, prosa documental e historiográfica coma a *Crónica Troyana* e a *Crónica Geral*. A segunda edición incorpora vocabularios elaborados a partir de textos portugueses e numerosos glosarios das edicións particulares dos trobadores. Aínda que o DD e o DDGM comparten a mesma concepción e metodoloxía, ofrecen modalidades de consulta parcialmente diferentes. O DDGM permite diversos tipos de procura: lemas, étimos, equivalentes modernos, palabras usadas nos exemplos, fontes textuais e bibliográficas, topónimos, etc. As buscas complexas e o emprego

de máscaras e operadores lóxicos permítennos adaptar as buscas aos nosos intereses.

Ao longo do ano 2005 o equipo de traballo do *Diccionario de diccionarios do galego medieval* (DDGM) proseguíu coas tarefas de preparación da segunda edición da obra, que ten por obxectivo complementar de maneira moi significativa o corpus de textos que contiña a primeira edición e, ao tempo, introducir algunhas melloras técnicas no programa. No proceso de elaboración do DDGM, e, máis precisamente, da súa segunda edición, poden distinguirse as seguintes tarefas: localización das obras, escaneado ou mecanografado dos textos, corrección do escaneado e depuración de erros, marcaxe manual dos textos, etiquetaxe automática, revisión da etiquetaxe, indexación e integración no DDGM.

IP

Ernesto X. González Seoane

Equipo

Ramón Lorenzo Vázquez
María Álvarez de la Granja
Ana I. Boullón Agrelo
Fernando Groba Bouza
Raquel Rodríguez Parada


Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de
Política Lingüística

Diccionario de diccionarios da lingua galega

O *Diccionario de diccionarios* (DD) é un multidiccionario que recolle un conxunto de obras lexicográficas modernas que constitúen a fonte principal da lexicografía galega actual. Na terceira edición recóllese a información contida en 40 obras lexicográficas publicadas e inéditas elaboradas entre 1745 e 1992. A aplicación informática permite facer buscas segundo distintos criterios nos textos das obras incluídas: busca por lema, busca de sinónimos, busca de referencias en galego ou en castelán dentro dos artigos, buscas por palabras afíns, buscas por localidade en que se aboaron as palabras, buscas por

autores que citan a voz e buscas de voces en refráns, poemas e exemplos. O *Diccionario de diccionarios* é unha obra insubstituíble para seguir a historia da lexicografía moderna galega e tamén unha ferramenta indispensable para comprender a historia lingüística do idioma.



Diccionario de diccionarios. V.3 [CD], ed. A. Santamarina, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.

IP

Antón Santamarina Fernández

Equipo

Xandra Santos Palmou
Inma Seage Freire
María Rodríguez Suárez

Financiamento

convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística

Diccionario de diccionarios: xergas

O proxecto do *Diccionario de xergas* está ligado ao *Diccionario de diccionarios* e supón a elaboración dun multidiccionario electrónico que permita consultar de xeito áxil os distintos glosarios e vocabularios de xergas galegas. As obras que se incorporarán son monografías ou apéndices de artigos, e tamén algún traballo inédito, nos que se recollen información sobre as xergas empregadas en Galicia por algúns grupos profesionais: canteiros, cesteiros, telleiros, albaneis, etc. Na actualidade están xa etiquetados e revisados oito textos. Durante o ano 2006 incorporaranse máis obras e desenvolverase a aplicación informática, seguindo o modelo empregado para o *Diccionario de diccionarios*.

Textos xa incorporados:

Álvarez Álvarez, Domingo: *Jergas de Galicia: Tejeros, canteros, albañiles*. Tomiño, Pontevedra, 1965.

Ballesteros Curiel, Julio: *Verbo d'os arginas. Jerga del latín de los canteros*. Pontevedra, 1921

Bouza Brey, Fermín: *Os cesteiros ga-*

legos de Mondariz e a súa fala gremial, en Ho. Krüger, Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, 1956, repr. polo Museo do Pobo Galego, col. Alicerces, 1992.

González Martínez, Praxiteles: *Embajadores de los infiernos. Historia y lenguaje de los cabaqueiros*, 2ª ed., O Rosal, 1996.

Otero Álvarez, Aníbal: *Verbo dos canteiros de Pesqueiras*, Forcarey, Pontevedra. ms. de 1937, inédito.

Pérez Sánchez, Mª Mercedes: *Jerga de los canteros*, Memoria de Licenciatura, Fac. de Filosofía y Letras, Santiago, inédita, 1975.

Ramón Fernández-Oxea, José: *O barallete capítulo de Santa Marta de Moreiras*, O Castro, Sada, 1982, pp. 251-298.

Trigo, Feliciano: *Verbo dos arginas de A Vedra. Xerga gremial dos canteiros de Pontevedra*. Deputación de Pontevedra, 1993.

Trigo, Feliciano: *Zanqueando cos cabaqueiros*. Deputación de Pontevedra, 2001.


Sección de Onomástica

Cartografía dos apelidos galegos


O obxectivo do proxecto é o de ofrecer unha aplicación web de doada utilización coa que os usuarios interesados poidan coñecer a distribución dos apelidos no territorio galego. As frecuencias de portadores presentaranse sobre un mapa de concellos e coa posibilidade de elixir a representación do número absoluto de portadores ou a porcentaxe ponderada sobre o número de habitantes dos concellos. Ademais o usuario terá a posibilidade de coñecer os apelidos máis comúns nun concello seleccionado e tamén poderá consultar unha lista dos apelidos máis frecuentes en Galicia.

Esta utilidade de acceso libre e gratuíto a través de internet satisfará

a curiosidade de calquera cidadán interesado en coñecer a distribución en Galicia dun determinado apelido. Ademais será unha ferramenta de moita utilidade para os estudosos da onomástica, pois disporán dunha importante fonte de datos de consulta da que na actualidade gozan moi poucos ámbitos lingüísticos. A información que subministrará esta aplicación será moi valiosa tamén para estudos de historia, xeografía humana, xenealoxía, dialectoloxía, sociolingüística, lingüística diacrónica, demografía, historia do léxico, etc.



Distribución do apelido Bouzas



Distribución do apelido Groba

IP

Ana I. Boullón Agrelo
Xulio C. Sousa Fernández

Financiamento

convenio coa Real Academia
Galega

O proxecto *Dicionario dos apelidos galegos* ten como finalidade elaborar unha obra que, sen deixar de lado o rigor científico, posúa tamén un carácter divulgativo que transcenda o ámbito académico. O dicionario estudará preto de 18 000 apelidos escollidos (entradas) pola súa frecuencia no territorio administrativo galego. A selección da entrada que encabezará cada artigo lexicográfico atenderá a un criterio máis ben etimolóxico, e en segundo lugar, a un criterio cuantitativo. Deste xeito contribuírase ao establecemento e restauración das formas propias galegas. Por exemplo, a entrada do patronímico de *Martín* será *Martíns*, e non *Martínez*, aínda que esta sexa moito máis frecuente, dado que a primeira forma é a galega e a segunda foi regularizada a partir da forma castelá. Para cada un dos apelidos estudados ofrecerase a seguinte información:

- d) Datación documental, isto é, a ocorrencia máis antiga que se conserva, sexa en fontes latinas ou romances.

- e) Conexión cos topónimos que corresponden e, en consecuencia, coa área xeográfica na que predominen. Darase, pois, en certos casos, información cartográfica co obxecto de visualizar a extensión e implantación do apelido nas distintas zonas.

Na actualidade trabállase na primeira fase do proxecto. Está deseñada a microestrutura de cada entrada e o número de entradas (analizaranse unhas 20 000 formas), que se escollerán por orde de frecuencia. Xa se comezaron a redactar algúns artigos de proba.

Martins 800, Maria, 207, Martinez (east)
114749, Martins 15, Panamonte, D. Du nome pessoal *Martins* ou da sua forma apocópica *Martim*, que procede do patronímico *Martinus* (latim), derivando do derivativo de *MARCO*, "têm da guerra", a sua difusão na Península procede da decoração a *san Martin* de Tours, do IV d. A. *Martins* 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 118, 119, 120, 121, 122, 123, 124, 125, 126, 127, 128, 129, 130, 131, 132, 133, 134, 135, 136, 137, 138, 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152, 153, 154, 155, 156, 157, 158, 159, 160, 161, 162, 163, 164, 165, 166, 167, 168, 169, 170, 171, 172, 173, 174, 175, 176, 177, 178, 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186, 187, 188, 189, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 202, 203, 204, 205, 206, 207, 208, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, 220, 221, 222, 223, 224, 225, 226, 227, 228, 229, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244, 245, 246, 247, 248, 249, 250, 251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260, 261, 262, 263, 264, 265, 266, 267, 268, 269, 270, 271, 272, 273, 274, 275, 276, 277, 278, 279, 280, 281, 282, 283, 284, 285, 286, 287, 288, 289, 290, 291, 292, 293, 294, 295, 296, 297, 298, 299, 300, 301, 302, 303, 304, 305, 306, 307, 308, 309, 310, 311, 312, 313, 314, 315, 316, 317, 318, 319, 320, 321, 322, 323, 324, 325, 326, 327, 328, 329, 330, 331, 332, 333, 334, 335, 336, 337, 338, 339, 340, 341, 342, 343, 344, 345, 346, 347, 348, 349, 350, 351, 352, 353, 354, 355, 356, 357, 358, 359, 360, 361, 362, 363, 364, 365, 366, 367, 368, 369, 370, 371, 372, 373, 374, 375, 376, 377, 378, 379, 380, 381, 382, 383, 384, 385, 386, 387, 388, 389, 390, 391, 392, 393, 394, 395, 396, 397, 398, 399, 400, 401, 402, 403, 404, 405, 406, 407, 408, 409, 410, 411, 412, 413, 414, 415, 416, 417, 418, 419, 420, 421, 422, 423, 424, 425, 426, 427, 428, 429, 430, 431, 432, 433, 434, 435, 436, 437, 438, 439, 440, 441, 442, 443, 444, 445, 446, 447, 448, 449, 450, 451, 452, 453, 454, 455, 456, 457, 458, 459, 460, 461, 462, 463, 464, 465, 466, 467, 468, 469, 470, 471, 472, 473, 474, 475, 476, 477, 478, 479, 480, 481, 482, 483, 484, 485, 486, 487, 488, 489, 490, 491, 492, 493, 494, 495, 496, 497, 498, 499, 500, 501, 502, 503, 504, 505, 506, 507, 508, 509, 510, 511, 512, 513, 514, 515, 516, 517, 518, 519, 520, 521, 522, 523, 524, 525, 526, 527, 528, 529, 530, 531, 532, 533, 534, 535, 536, 537, 538, 539, 540, 541, 542, 543, 544, 545, 546, 547, 548, 549, 550, 551, 552, 553, 554, 555, 556, 557, 558, 559, 560, 561, 562, 563, 564, 565, 566, 567, 568, 569, 570, 571, 572, 573, 574, 575, 576, 577, 578, 579, 580, 581, 582, 583, 584, 585, 586, 587, 588, 589, 590, 591, 592, 593, 594, 595, 596, 597, 598, 599, 600, 601, 602, 603, 604, 605, 606, 607, 608, 609, 610, 611, 612, 613, 614, 615, 616, 617, 618, 619, 620, 621, 622, 623, 624, 625, 626, 627, 628, 629, 630, 631, 632, 633, 634, 635, 636, 637, 638, 639, 640, 641, 642, 643, 644, 645, 646, 647, 648, 649, 650, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 658, 659, 660, 661, 662, 663, 664, 665, 666, 667, 668, 669, 670, 671, 672, 673, 674, 675, 676, 677, 678, 679, 680, 681, 682, 683, 684, 685, 686, 687, 688, 689, 690, 691, 692, 693, 694, 695, 696, 697, 698, 699, 700, 701, 702, 703, 704, 705, 706, 707, 708, 709, 710, 711, 712, 713, 714, 715, 716, 717, 718, 719, 720, 721, 722, 723, 724, 725, 726, 727, 728, 729, 730, 731, 732, 733, 734, 735, 736, 737, 738, 739, 740, 741, 742, 743, 744, 745, 746, 747, 748, 749, 750, 751, 752, 753, 754, 755, 756, 757, 758, 759, 760, 761, 762, 763, 764, 765, 766, 767, 768, 769, 770, 771, 772, 773, 774, 775, 776, 777, 778, 779, 780, 781, 782, 783, 784, 785, 786, 787, 788, 789, 790, 791, 792, 793, 794, 795, 796, 797, 798, 799, 800, 801, 802, 803, 804, 805, 806, 807, 808, 809, 810, 811, 812, 813, 814, 815, 816, 817, 818, 819, 820, 821, 822,


[illegible]

Varela 44.252. Sobrenome ou topônimo de origem escura. Poderia se tratar dum alume, a partir do diminutivo do s. *vaz*, ou que proceda do topônimo *Varela* (NlGalicia Co, Luz, Po), que parece rememorar também ao s. *vaz*, ou a um

Patronymica Romanica

O *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane* (PatRom) é unha obra colectiva realizada por un equipo internacional composto por dezaoito grupos de investigación (centros). A finalidade do proxecto é a publicación dun dicionario histórico de nomes de persoa e de familia románicos. O grupo de Galicia desenvolve a súa actividade no Instituto da Lingua Galega, está dirixido por Ramón Lorenzo e polos colaboradores Antón Santamarina e Ana I. Boullón Agrelo. O grupo colabora na elaboración das sínteses correspondentes ao dominio lingüístico galego. Durante os últimos anos o grupo estivo a traballar nos artigos correspondentes aos étimos HOMO, *CAPITIA, TESTA, FRONS, FRONT-, CORNU, CORNUTU, LINGUA, DENS, OCULUS, AURI-CULA, NASUS, NARICA, COLLUM, COLLARE, VENTER, PAN-TEX, CAUDA/CODA, BRACCHIUM, BRACCHIA,

MANUS, MANICA, DIGITUS, POLLICARIS. As colaboracións do grupo galego foron publicadas no *Dictionnaire historique de l'anthroponymie romane* *Patronymica Romanica* (PatRom), Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer. Volume II/I. *L'homme et les parties du corps humain (première partie)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 2004. ISBN: 3-484-50702-0 (vol. II/1).



IP



Ana I. Boullón Agrelo
Ramón Lorenzo Vázquez

Financiamento
sen financiamento externo

Inventario Toponímico Galego

O proxecto *Inventario toponímico medieval* aparecerá nun futuro próximo como módulo complementario do TMILG, e tamén está prevista a súa publicación en formato libro. Consiste nunha compilación de todos os topónimos recollidos no TMILG, dos cales neste momento están a realizarse traballos de procesamento e clasificación. Este proxecto pretende achegar un material de grande importancia de cara á construción do tesouro toponímico galego de todas as épocas, pois porá a disposición dos investigadores e do público en xeral a totalidade das formas antigas dos nosos nomes de lugar.

Continúan introducíndose datos onomásticos na base medieval, que actualmente conta con cerca de 35 000 entradas. Creouse tamén unha nova táboa coas cadeas antroponímicas correspondentes a documentos en galego anteriores a 1260, que consta duns 400 rexistros.



IP

Xavier Varela Barreiro

Equipo

Xosé Luís Couceiro Pérez

Paulo Martínez Lema

Financiamento

sen financiamento externo específico

Outras actividades

Simposios do ILG

O Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela vén organizando desde o ano 2001, de forma ininterrompida e con periodicidade anual un simposio dedicado a un tema específico e de interese para a nosa comunidade científica. Con esta iniciativa o ILG pretende, por un lado, impulsar a investigación naquelas parcelas da lingüística galega que poidan estar hoxe desatendidas ou non abondo desenvoltas, ou, por outro, propiciar a reflexión sobre o estado da cuestión dunha determinada materia.

Nos anteriores simposios trátáronse con novos enfoques aspectos relevantes da tradición lingüística da filoloxía galega coa participación de especialistas da USC, das outras universidades galegas e doutras universidades españolas ou estranxeiras. As actas destes simposios foron aparecendo regularmente e como publicación dan fe do esforzo, do labor, das colaboracións e dos resultados que esta iniciativa fomenta e suscita no ámbito da investigación sobre a lingua galega e da súa permanente renovación. Están na rúa as actas do tres primeiros simposios e está no prelo a publicación do 4º, o do ano 2004:

R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.) (2003): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago. Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

Mª Álvarez de la Granja e E. González Seoane (eds.) (2004): *A estan-*

darización do léxico. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.


R. Álvarez e H. Monteagudo (eds.) (2005): *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa (eds.) (no prelo): *Lingua e territorio*. Santiago. Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

Desta volta decidiuse someter a estudo o proceso de incorporación do romance á escrita medieval. Nos últimos anos aumentou na Romanía o interese por un proceso que transcorreu con distintos ritmos e en distintos momentos, e que ten que ver con diversos factores, fundamentalmente con motivacións sociopolíticas e xurídicas. A franxa temporal comprende a segunda metade do século XII e a primeira metade do XIII. A especificidade histórica e cultural do Reino de Galicia dá lugar ao florecemento dunha primeira produción literaria, a trobadoresca, coa conseguinte plasmación escrita en romance, e algunhas décadas despois á paulatina substitución do latín polo romance na redacción dos documentos. Un proceso desta magnitude e transcendencia comportou cambios profundos nos hábitos culturais do momento e case ningún ámbito da sociedade quedou á marxe.

O contido das conferencias pronunciadas no seo do Simposio Na

nosa lyngoage galega xirará ao redor destes eixes: 1) o encadramento xeral do proceso en Europa, en relación coa renovación xurídica que propiciou o paso á escrita das linguas vulgares; 2) o paso do latín ao romance no noso contexto xeográfico, ollando para o acontecido noutras áreas lingüísticas e políticas da Península Ibérica: Aragón Cataluña, León Castela, Portugal; 3) a historia da Galicia do momento; 4) os primeiros alentos escritos do romance galego: na literatura (verso e prosa) e na documentación e 5) o estado da lingua galega no momento da súa emerxencia escrita: planos gráfico, morfosintáctico, léxico, onomástico, da variación dialectal, etc.



Todos estes traballos son contribucións orixinais, elaboradas por encargo expreso da organización, que foron debatidos de maneira inmediata nos coloquios que seguiron a cada intervención e, de xeito demorado, poderanse analizar tras a súa difusión escrita, nun volume monográfico

publicado polo Consello da Cultura Galega (Sección de Lingua).

O número de matriculados no simposio foi de 63, entre eles estudantes de filoloxía, especialmente de segundo e terceiro ciclos –como complemento e reforzo da súa formación– e, ao tempo, profesores de ensino medio e universitario –como vía para actualizar os seus coñecementos e arrequeutar as súas perspectivas– ou os novos investigadores, interesados neste suxestivo campo de estudo.

Fíxose un control de asistencia por medio de sinaturas e, neste momento, estamos elaborando os diplomas de asistencia para as persoas que asistiron cando menos, ao 70% das sesións. Para os estudantes tamén se tramitou a validación por un crédito de libre configuración.

As conferencias pronunciáronse na Facultade de Filoloxía (a última, de clausura, no Consello da Cultura Galega) en sesións dobres que remataron cun animado coloquio no que conferenciantes e asistentes intercambiaron ideas e puntos de vista. Na sesión final elaboráronse unhas conclusións como vén sendo habitual nestes últimos simposios do ILG.

As institucións organizadoras foron o Instituto da Lingua Galega (ILG) e o Consello da Cultura Galega (CCG) e correu ao cargo dun comité organizador formado por: Ana Isabel Boullón, Ricardo Gutiérrez e Raquel Rodríguez. Por outro lado, o comité

científico estivo integrado por: Ramón Lorenzo Vázquez, Antón Santamarina Fernández, Rosario Álvarez Blanco, Ana Isabel Boullón Agrelo, Xavier Varela Barreiro, Xulio Sousa Fernández.

Como organismos financiadores contouse con axudas do Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía e Vicerreitorado de Investigación e Innovación (USC), Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) e Ministerio de Ciencia y Tecnología

A repercusión que tivo o Simposio na nosa comunidade e fóra dela puido

seguirse na prensa e na web de centros e institucións académicas durante todo o mes: Galicia Hoxe, La Voz de Galicia, O xornal electrónico da USC, a páxina web de Vieiros, a páxina web do Instituto Cervantes, a páxina do Consello de Avogacía Galega, entre outras, ofrecéronnos información actualizada deste evento.



Encontros de Normalización Lingüística

Os días 20 e 21 de outubro o Consello da Cultura Galega desenvolveu na sede da Escola Galega de Administración Pública os *IX Encontros para a Normalización Lingüística*. Nesta ocasión as sesións achegaron a aplicación á normalización lingüística da investigación sobre o galego que desenvolven os centros públicos e as empresas privadas. A directora do ILG participou nunha mesa de debate sobre o tema. As institucións da lingua: liñas de traballo cara á normalización lingüística dando conta dos proxectos de investigación que se están a realizar no centro. Ademais, o ILG estivo presente tamén na exposición que se

celebrou durante os días que duraron os Encontros. Nos Encontros participaron máis de 200 persoas, na súa maior parte profesionais da normalización e dos servizos lingüísticos.



Congresos de fonética: A importancia da fonética no desenvolvemento da cultura e da sociedade do século XXI

No mes de outubro realizáronse en Santiago de Compostela dous congresos de fonética organizados por membros do Instituto da Lingua Galega. Entre o 24 e o 26 de outubro celebrouse o II Congreso de Fonética Experimental que tivo como obxectivo principal poñer en común os traballos de fonetistas e especialistas de ciencias afíns, continuando deste xeito a traxectoria xa iniciada nos dous congresos

anteriores celebrados en Tarragona e Sevilla. Nos días 27 e 28 do mesmo mes tivo lugar tamén o III Congreso da Sociedade Española de Acústica Forense. Neste congreso participaron especialistas en distintas áreas relacionadas co ámbito forense.



Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros 2005

Entre o 4 e o 29 de xullo realizáronse os XVIII cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros. O curso, dirixido a estudantes universitarios de último ano e a posgraduados de Filoloxía, contou coa participación de 148 alumnos de 30 países. A docencia organizouse en tres niveis: elemental, medio e superior. O nivel elemental está dirixido a alumnos que desexen introducirse no coñecemento da lingua. O nivel medio está destinado aos alumnos que xa cursaron o elemental, ou que posúen un coñecemento básico do idioma. O nivel superior é un curso dirixido a estudantes de filoloxía que desexen iniciarse no estudo da lingua e da literatura galegas. Amais das actividades docentes os estudantes tiveron a posibilidade de asistir a un conxunto diverso de actividades culturais complementarias que os axudaron a coñecer mellor a cultura, a

arte, as tradicións e a antropoloxía de Galicia

Como xa ocorreu en convocatorias anteriores, a inauguración e celebración dos cursos tivo moita repercusión nos medios de comunicación galegos e estatais.

A organización do curso puxo á disposición dos solicitantes bolsas de estadía e matriculación. Colaboraron co ILG na organización do curso a Real Academia Galega e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Celebración do GIS Day 2005

O día 16 de novembro celebrouse o Día Mundial dos Sistemas de Información Xeográfica (www.gisday.com). O Sistema de Información Territorial da Universidade de Santiago de Compostela organizou este ano por primeira vez a celebración deste evento en Galicia. Este día usuarios, produtores, e subministradores de Sistemas de Información Xeográfica e datos xeográficos puideron intercambiar as súas experiencias na utilización desta tecnoloxía e tiveron ocasión tamén de mostrar os traballos e proxectos que están desenvolvendo. A sección de Xeografía Lingüística do ILG participou como convidada nesta xornada presentando tres proxectos que se desenvolven no

centro empregado a tecnoloxía SIX. Sara Pino, María Vilasó e Xulio Sousa fixeron cadansúa demostración dos proxectos Atlas Lingüístico Galego, Cartografía dos apelidos de Galicia e Dialectometría das variedades xeográficas do galego. Na páxina web mantida polo Sistema de Información Xeográfica da Universidade de Santiago de Compostela poden consultarse as presentacións coas que colaborou o ILG na celebración do GIS Day 2005 (<http://sit.lugo.usc.es/drupal>).



Visita de investigadores do ILG ás universidades de Coimbra e Aveiro

Os días 2 e 3 de decembro varios investigadores e membros do Instituto da Lingua Galega foron convidados polas universidades portuguesas de Coimbra a Aveiro a presentar os proxectos de lexicografía informatizada que se desenvolven no centro. Os profesores Antón Santamarina, Ernesto González e Xavier Varela presentaron os proxectos ligados á lexicografía

que dirixen no ILG: Dicionario de dicionarios galegos, Dicionario de dicionarios do galego medieval, Tesouro Informatizado da Lingua Galega e Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega. A presentación reuniu a moitos estudantes e investigadores da filoloxía portuguesa das dúas universidades.

Renovación da páxina web do ILG

O sitio web do Instituto da Lingua Galega foi un dos primeiros en todo o estado en ofrecer información sobre unha lingua de ámbito autonómico. Desde os inicios foi unha páxina moi consultada por especialistas, estudantes e curiosos que desexaban ter unha información resumida sobre o galego. A renovación e cambio constante das aplicacións e mais dos estándares de deseño web apremaban a que a páxina se modernizase e enchese de

novos contidos. A falta de financiamento e persoal adiaron constantemente o inicio desta tarefa. Durante este ano iniciouse a renovación do deseño, adaptándoo ás recomendacións de imaxe corporativa da USC, e mais procurando mellorar a accesibilidade. O equipo directivo do ILG ten intención de procurar financiamento para que se poida ofrecer un servizo útil, proveitoso, atractivo e actualizado.



The screenshot shows the website of the Instituto da Lingua Galega (ILG) at the University of Santiago de Compostela (USC). The header includes the USC logo and a search bar. The navigation menu contains links: inicio | acerca do web | mapa do web | contacto | ligazóns | FAQ |. The main content area is titled 'Instituto da Lingua Galega' and includes a description of the institute as a linguistic research center. The left sidebar contains two sections: 'Seccións' (Sections) with links to 'Sobre o ILG', 'Liñas de investigación', 'Proxectos', 'Publicacións e resultados', and 'Cooperación'; and 'Recursos' (Resources) with links to 'Sobre o galego', 'Tesouro Informatizado da Lingua Galega', 'Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega', 'é-galego', and 'A nosa fala'. The right sidebar contains a 'Novidades' (News) section with links to 'GIS Day 2005' and 'Novas publicacións'. The footer contains contact information for the USC Reitoría and the ILG, including the address, phone number, and email.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

inicio | acerca do web | mapa do web | contacto | ligazóns | FAQ |

Inicio » **ILG**

Seccións

- Sobre o ILG
- Liñas de investigación
- Proxectos
- Publicacións e resultados
- Cooperación

Recursos

- Sobre o galego
- Tesouro Informatizado da Lingua Galega
- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega
- é-galego
- A nosa fala

Instituto da Lingua Galega

O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O labor investigador que desenvolve o ILG distribúese en varias seccións: Lexicografía, Xeografía lingüística e Dialectoloxía, Onomástica, Fonética, Gramática, Sociolingüística e Historia da lingua.

Novidades

- GIS Day 2005
- Novas publicacións

Reitoría da USC
Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n
15782 Santiago de Compostela
Teléfono: +34 981 56 31 00

Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
Teléfono: +34 981 56 52 83

Biblioteca

A biblioteca do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela é unha biblioteca de investigadores que atende as demandas dos proxectos que se desenvolven no centro e tamén as visitas de investigadores nacionais e estranxeiros que se interesan polo estudo da lingua e da literatura galegas. A biblioteca conta cun fondo de case 12 000 exemplares e está especializada fundamentalmente en publicacións lingüísticas. Ademais, dispón dunha importante colección de obras literarias en galego. Os usuarios son basicamente os propios investigadores do ILG, alumnos da Facultade de Filoloxía e alumnos dos Cursos de Galego para Etranxeiros.

A biblioteca está aberta de 9 a 14 horas e ofrece os servizos de consulta na sala, préstamo e información bibliográfica. O servizo de consulta na sala é utilizado diariamente polos investigadores do centro. Durante o mes de xullo amplíase o horario tamén ás tardes polo número elevado de estudantes dos cursos de Galego para Etranxeiros que utilizan o servizo. O servizo de préstamo está inicialmente restrinxido ao persoal que traballa en proxectos de investigación no centro e aos estudantes de Terceiro Ciclo. O servizo de información bibliográfica é moi demandado e resulta fundamental nunha biblioteca destas características.

Na actualidade a biblioteca utiliza o *Programa Meiga* de xestión bibliotecaria, cedido gratuitamente pola Con-


sellería de Cultura. En 2005 iniciáronse as xestións coa Consellería de Cultura para implantar o programa informático *Innopac/Millennium* e estudar a posibilidade para ofrecer o catálogo de fondos a través de internet. Durante o ano 2005 recibíronse un total de 519 monografías, a maioría compradas a cargo de proxectos vinculados ao ILG, pero tamén de doazóns particulares e de organismos públicos da nosa comunidade e do resto de España.




Publicacións

As publicacións do Instituto da Lingua Galega no ano 2005 concentráronse fundamentalmente na colaboración coa Fundación Barrié de la Maza e co Consello da Cultura Galega. A Fundación Barrié de la Maza financia a publicación da colección Biblioteca Filolóxica Galega, na que


aparecen publicados os volumes do *Atlas Lingüístico Galego* e outras monografías e compilacións. Co Consello da Cultura Galega o ILG ten asinado un convenio que garante a publicación na Serie Lingüística das obras derivadas de congresos e simposios.




Rosario Álvarez & Henrique Monteagudo (2004): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega (436 pp.).



A. I. Boullón Agrelo (ed.) (2004): *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dieter Kremer*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.



Rosario Álvarez e Antón Santamarina (ed.) (2004): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Pedro Barrié de la Maza [770pp.]



Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina (ed.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. I, II, III.



Atlas Lingüístico Galego. Volume V. Léxico. O ser humano (I), directores: Constantino García e Antón Santamarina; investigadores: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González; redactores: Rosario Álvarez Blanco, Francisco Dubert e Xulio Sousa Fernández. A Coruña : Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 2005.

Trinta anos de Atlas Lingüístico Galego

No mes de novembro do ano 1974 Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González, dirixidos por Constantino García e Antón Santamarina, iniciaron os traballos de campo do Atlas Lingüístico Galego. En 2004 fixéronse trinta anos desde o comezo do proxecto inaugural do Instituto da Lingua Galega.



O proxecto do *Atlas Lingüístico Galego* naceu da necesidade de contar cun atlas lingüístico que permitise coñecer a realidade lingüística galega dun xeito detallado e completo. Cando se comezou o proxecto do ALGa o idioma estaba a vivir un momento decisivo para o seu futuro: a poboación concentrábase cada vez máis nas grandes áreas urbanas e o sistema educativo, a administración e os medios de comunicación eran case exclusivamente en castelán. Daquela, emprender o estudo sistemático de todo o territorio lingüístico galego era unha tarefa urxente e inaprazable.

O ALGa nacíu co precedente dos estudos realizados entre 1931 e 1954 en Galicia para a recollida dos materiais

do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI) e en conexión con outros proxectos de ámbito máis amplo: o *Atlas Lingüístico de España y Portugal* e *Atlas Linguarum Europae*.


O territorio abranguido polo ALGa é o da Galicia administrativa (152 puntos) e as zonas estremeiras de Asturias (7 puntos), León (5 puntos) e Zamora (3 puntos). O reparto dos puntos de enquisa fíxose tendo en conta a distribución da poboación; nas zonas de maior densidade a rede de puntos é máis mesta e nas zonas de menor densidade é máis rara. Os puntos están numerados de xeito sucesivo dentro de cada provincia e aparecen nos mapas precedidos por unha clave de identificación provincial. En cada localidade escolleuse unha ou varias persoas para seren entrevistadas. Os informantes foron preferentemente persoas sen estudos, con familia natural do lugar e de entre 40 e 70 anos. En cada un dos puntos da rede os tres investigadores encargados do traballo de campo completaron un cuestionario de 2711 preguntas, pero que deron lugar ao redor de 5 000 formas mínimas recollidas.

Os materiais recollidos nas enquisas do ALGa foron aproveitados para moitos traballos de diversa índole: descrición das variedades xeográficas do galego, elaboración do modelo estándar, elaboración de vocabularios e dicionarios, descrición fonética, etc. Con todo, a obra fundamental derivada destes

materiais é o Atlas Lingüístico Galego. O primeiro volume do *ALGa* viu a luz no ano 1990 (*Morfoloxía verbal*, tomos I e II). Seguíronlle a este tomo catro volumes máis de morfoloxía nominal (1995), fonética (1999) e léxico (2003 e 2005).

Na actualidade a información recollida nas enquisas está introducida nunha base de datos. O proceso de cartografado realízase empregando un sistema de información xeográfica (GIS), o que axiliza e axuda a perfeccionar a representación dos datos. O equipo que se encarga do proxecto ten a intención de iniciar axiña a dixitalización de todos

os materiais do *ALGa*: cuestionarios, debuxos, fotografías e gravacións. Este traballo permitirá garantir a conservación dos materiais e tamén facilitar a súa consulta.



Producción científica de 2004

O grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega da Universidade de Santiago de Compostela reúne a todas as persoas que desenvolven a súa investigación fundamental no Instituto da Lingua Galega. No ano 2005 o coordinador do grupo realizou o inventario da produción científica de 2004. É preciso facer constar que a maioría dos membros do grupo forman parte do departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, e que polo tanto a produción científica destes investigadores se reparte entre os dous centros. No cadro da produción figura o número de contribucións achegadas para o grupo vinculado ao ILG e tamén o valor en puntos destas contribucións.

Publicacións non periódicas	
Número	37
Puntos	104,5
Reais	87
Publicacións periódicas	
Número	7
Puntos	1,75
Organización de congresos	
Número	1
Puntos	2
Total	
Número	45
Puntos	108,25
Reais	90,75

Resumo económico de 2005

Ingresos

Convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza	12 020,24
Convenio entre a USC e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística)	132 750,00
Producción científica	5 871,71
Dereitos de autor	3 774,34
Inscripcións simposio <i>Na nosa lyngoage galega</i> e axudas para a organización	3 477,90
Contribución da Universidade de Santiago de Compostela	1 500,00
Total	159 394,19

Gastos

Persoal de apoio, equipamento informático, mantemento dos proxectos e biblioteca	151 073,80
Material e comunicacións	1 500,00
Organización do simposio <i>Na nosa lyngoage galega</i>	5 769,89
Total	158 343,69

Os gastos de mantemento das instalacións son asumidos pola USC.

Persoal

Directora

Rosario Álvarez Blanco

Secretario

Xulio César Sousa Fernández

Investigadores

María Álvarez de la Granja

M^a Carme Ares Vázquez

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Xosé Luís Couceiro Pérez

Francisco X. Dubert García

Francisco Fernández Rei

Elisa Fernández Rei

M^a Carme García Rodríguez

Manuel González González

Ernesto X. González Seoane

M^a Carme Hermida Gulías

Marisol López Martínez

Ramón Lorenzo Vázquez

Ramón Mariño Paz

X. Henrique Monteagudo R.

Eduardo M. Moscoso Mato

Xosé Luís Regueira Fernández

Antón L. Santamarina Fernández

Carme Silva Domínguez

F. Xavier Varela Barreiro

Alexandre Veiga Rodríguez

Xosé Xove Ferreiro

Investigadores en formación

Xosé Afonso Álvarez Pérez

Noemí Álvarez Villar

Raquel Rodríguez Parada

Persoal de apoio

Mónica Ares Ameijide

Irene Bravo Pérez

Leonardo Fernández Campos

Fernando Groba Bouza
 Ricardo Gutiérrez Pichel
 Antón Lado Lago
 Paulo Martínez Lema
 María Pereira Maceira
 M^a Carmen Pérez González
 Noa Pérez González
 Sara Pino Ramos
 David Rodríguez Lorenzo
 María Rodríguez Suárez
 Xandra Santos Palmou
 Inma Seage Freire
 Damián Suárez Vázquez
 María Luísa Vázquez Freire
 Kristal Veiga Novoa
 María Vilasó Martínez
 María Dolores Villanueva Gesteira
 Silvia Viso Pérez
 Florentina Xoubanova Montero

Colaboradores

Mariña Arbor Aldea (USC)
 Maruxa Caamaño Varela (CRPIH)
 Amparo Cereixo Silva (CRPIH)
 Henrique Costas González (UVigo)
 Ana B. Escourido (CRPIH)
 Gonzalo Navaza Blanco (UVigo)
 Antón Palacio Sánchez (UVigo)
 Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo)

Os membros do ILG forman parte do grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega da Universidade de Santiago de Compostela. O coordinador do grupo é o Dr. Xulio César Sousa Fernández.

Órganos de goberno

XUNTA DE GOBERNO

Presidente

D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da USC
Representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

D. Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente da RAG

D. Alfonso Zulueta de Haz, Presidente do CCG

Da. Marta Rey García, Directora da Fundación Pedro Barrié de la Maza

D. Ernesto González Seoane, Decano da Facultade de Filoloxía da USC

D. Xosé Luís Regueira Fernández, Director do Dpto. de Filoloxía Galega da USC

Da. Rosario Álvarez Blanco, Directora do ILG

D. Xulio Sousa Fernández, Secretario do ILG

Reunións da Xunta de Goberno no ano 2005

21 de xaneiro de 2005

CONSELLO CIENTÍFICO

Directora

Rosario Álvarez Blanco

Secretario

Xulio C. Sousa Fernández

Membros doutores

María Álvarez de la Granja

Ana Isabel Boullón Agrelo

Francisco A. Cidrás Escáneo

Xosé Luís Couceiro Pérez

Francisco X. Dubert García

Francisco Fernández Rei

Elisa Fernández Rei

Manuel González González

Ernesto X. González Seoane

M^a Carme Hermida Gulías

Marisol López Martínez

Ramón Lorenzo Vázquez

Ramón Mariño Paz

X. Henrique Monteagudo R.
Eduardo M. Moscoso Mato
Xosé Luís Regueira Fernández
Antón L. Santamarina Fernández
Carne Silva Domínguez
F. Xavier Varela Barreiro
Alexandre Veiga Rodríguez

Representante de investigadores non doutores

Xosé Xove Ferreiro

Representantes do persoal de apoio e de investigadores en formación

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Xandra Santos Palmou

Representante do persoal contratado

M^a Carne Pérez González

Reunións do consello científico no ano 2005

Ordinarias

18 de febreiro
15 de abril
2 de maio
20 de xullo
19 de outubro
22 de decembro

Extraordinarias

27 de setembro

Índice

LIMIAR	3
PRESENTACIÓN DA DIRECTORA	5
ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO ANO 2005	9
Sección de Dialectoloxía e Xeografía Lingüística	9
Arquivo do Galego Oral	9
Dialectometría das variedades xeolingüísticas do galego	11
Atlas Lingüístico Galego	14
Atlas Linguistique Roman	17
Atlas Linguarum Europae	19
Sección de Fonética e Fonoloxía	20
AMPER (Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman)	20
Vocabulario fonético do galego	21
Sección de Gramática	22
Gramática xeral descritiva do galego moderno	22
Dicionario de construcións verbais galegas	23
Gramática contrastiva do portugués e o galego	26
Gramática da lingua galega	27
Sección de Historia da Lingua	29
Edición de coleccións diplomáticas dos mosteiros galegos	29
Edición paleográfica de obras medievais	30
Proxecto Sarmiento	31
TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega)	32
Gramática histórica da lingua galega	34
Sección de Lexicografía	35
TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) e Dicionario da lingua galega (Base de datos lexicográficos)	35
Dicionario de dicionarios do galego medieval	36
Dicionario de dicionarios da lingua galega	37
Dicionario de dicionarios: xergas	38
Sección de Onomástica	39
Cartografía dos apelidos galegos	39
Dicionario dos apelidos galegos	40
Patronymica Romanica	41
Inventario toponímico galego	42
Outras actividades	43
Biblioteca	49
Publicacións	50

Trinta anos de Atlas Lingüístico Galego	52
Producción científica de 2004	54
Resumo económico de 2005	55
Persoal	56